

DIAGNÓSTICO 2010

Enquisa ás empresas sobre a
Sociedade da Información en Galicia



XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica – Xunta de Galicia.

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento

Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2011


Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.

Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Diagnóstico 2010

Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia



Xunta de Galicia

Presidencia
Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia
Santiago de Compostela
2011

Índice

INTRODUCCIÓN	6
METODOLOXÍA DO ESTUDO	7
I. EMPRESAS DE 0 A 9 EMPREGADOS / AS	9
I.1. DATOS XERAIS DA EMPRESA	10
I.1.1. Actividade, condición xurídica, capital de negocios, traballadores / as	10
I.1.2. Grupo empresarial, relación matriz, mercados xeográficos	15
I.1.3. En síntese	18
I.2. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC	19
I.2.1. Equipamentos	19
I.2.2. Utilización das TIC	23
I.2.3. En síntese	38
I.3. SERVIZOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET	39
I.3.1. Acceso a Internet	39
I.3.2. Interacción coas Administracións Públicas, sinatura dixital	46
I.3.3. En síntese	56
I.4. PÁXINA WEB	57
I.4.1. En síntese	68
I.5. USOS E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICOS	69
I.5.1. En síntese	72
I.6. COMERCIO ELECTRÓNICO	73
I.6.1. En síntese	82
I.7. FORMACIÓN	83
I.7.1. En síntese	89
I.8. AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TIC	90
I.8.1. En síntese	94

II. EMPRESAS DE 10 E MÁIS EMPREGADOS / AS	95
II.1. DATOS XERAIS DA EMPRESA	96
II.1.1. Actividade, condición xurídica, capital de negocios, traballadores / as	96
II.1.2. Grupo empresarial, relación matriz, mercados xeográficos	102
II.1.3. En síntese	105
II.2. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC	106
II.2.1. Equipamentos	106
II.2.2. Utilización das TIC	110
II.2.3. En síntese	134
II.3. SERVIZOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET	135
II.3.1. Acceso a Internet	135
II.3.2. Interacción coas Administracións Públicas, sinatura dixital	145
II.3.3. En síntese	158
II.4. PÁXINA WEB	159
II.4.1. En síntese	174
II.5. USOS E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICOS	175
II.5.1. En síntese	182
II.6. COMERCIO ELECTRÓNICO	183
II.6.1. En síntese	192
II.7. FORMACIÓN	193
II.7.1. En síntese	200
II.8. AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TIC	201
II.8.1. En síntese	205
ANEXO I	206

INTRODUCCIÓN

Este informe ofrece os resultados da “Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia” elaborada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA). O estudo foi elaborado polo OSIMGA, no marco da encomenda realizada pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

O obxectivo deste estudo é obter información, elementos de diagnóstico, determinación de necesidades, prospectiva, seguemento e avaliación que permitan determinar a situación e a evolución dos indicadores que dan conta da situación da Sociedade da Información no tecido empresarial galego.

A información contida neste informe estrutúrase en dous grandes capítulos, microempresas de 0 a 9 traballadores/as e empresas de 10 e máis traballadores/as. En cada un destes capítulos, dáse conta dos seguintes indicadores:

-  Equipamentos e servizos empregados a través de Internet.
-  Disponibilidade de páxina web, usos e desenvolvementos tecnolóxicos e comercio electrónico.
-  Formación e axudas para o desenvolvemento do uso das TIC.

A fin de obter un enfoque da evolución dos indicadores e a súa repercusión e avance entre as empresas, inclúense gráficas comparativas daqueles indicadores ou variables máis significativas.

METODOLOXÍA DO ESTUDO

O presente estudo sobre a Sociedade da Información en Galicia realizouse entre empresas galegas atendendo aos criterios metodolóxicos que expoñemos de seguido:

■ **Ámbito:** Galicia.

■ **Universo:** sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, dedicadas a determinadas actividades CNAE agrupadas en 14 grupos clasificatorios. No caso das empresas de 10 ou máis asalariados o universo é finito, cifrado en 8.941 entidades segundo a explotación do Directorio de Empresas do IGE do ano 2009.

■ **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.

■ **Tamaño da mostra:** 500 entrevistas a empresas de 10 e máis empregados / as; 825 entrevistas a empresas de 0 a 9 empregados / as.

■ **Afixación:** Na submostra de empresas de 0 a 9 empregados/as: estratificada proporcional en primeira fase, por volume de emprego, actividade e condición xurídica. Na submostra de empresas de 10 e máis empregados/as: estratificada proporcional, en primeira fase, por volume de emprego, actividade e provincia de localización da sede da empresa,. Nunha segunda fase selección aleatoria da empresa dentro de cada un dos estratos definidos en cada submostra.

■ **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para a submostra de microempresas é de $\pm 3,48\%$; para a empresas de 10 ou máis traballadores é de $\pm 4,35\%$.

■ **Período de referencia:** o ano 2010 para as variables de fluxo e para as variable de fondo decembro de 2010.

■ **Traballo de campo:** do 1 de marzo ao 20 de abril de 2011.

Ao longo da exposición, para cada variable de interese amósanse inicialmente os valores globais, para logo descender ata outras variables independentes como a actividade da empresa, a súa condición xurídica ou a provincia, sempre que repercutan dun xeito significativo na variable de referencia.

Como fonte de información complementaria este informe inclúe datos procedentes dos estudos realizados en anteriores edicións dos observatorios galegos (OCEG e OGSi), integrados no OSIMGA (Decreto 21/2010; DOG 26 de febreiro).

En termos evolutivos:

- ❑ Os datos de Galicia do ano 2009 foron recollidos polo INE e presentan dous períodos de referencia: as variables de infraestrutura, equipamentos e uso das TIC van referidas a xaneiro de 2009 e as variables sobre comercio electrónico van referidos á totalidade do ano 2008.
- ❑ Na enquisa do OSIMGA do ano 2010, as variables de equipamentos das TIC refírense a decembro do ano 2010 e o comercio electrónico a todo o ano 2010.

Polo tanto, existen case dous anos de diferenza no período de referencia temporal das variables para as empresas cando nos referimos á evolución 2009-2010 para Galicia.

Ademáis, a fin de ofrecer unha comparativa estatística da evolución noutros ámbitos poboacionais, empregáronse datos do Instituto Nacional de Estatística (no referido ao conxunto do Estado) e de Eurostat (para o contexto da UE27).

Á hora de comparar a información da Enquisa OSIMGA 2010 coa subministrada polo INE para o ano 2010, convén salientar que media case un ano entre as datas de recollida de información de ambas as dúas enquisas:

- ❑ Na enquisa INE do ano 2010, as variables de equipamento refírense a xaneiro do ano 2010 e o comercio electrónico a todo o ano 2009.
- ❑ Na enquisa OSIMGA do ano 2010, as variables de equipamento refírense a decembro de 2010 e as variable sobre comercio electrónico van referidas á totalidade do ano 2010.

I. Empresas de 0 a 9 empregados/as

I.1. DATOS XERAIS DA EMPRESA


Os datos deste primeiro capítulo recollen as características básicas das empresas galegas de 0 a 9 traballadores / as. O primeiro epígrafe analiza aspectos como a actividade, a condición xurídica, a antigüidade, a orixe do seu capital e outros referentes aos recursos humanos. Por outra banda, no epígrafe segundo presentaranse os datos relativos á pertenza ou non a un grupo empresarial e aos mercados xeográficos de venda de bens ou servizos.

I.1.1. Actividade, condición xurídica, capital de negocios, traballadores / as

- o As microempresas do sector da venda e reparación de vehículos de motor, comercio e o sector da Construción son os estratos máis numerosos.
- o O 56,6% das microempresas enquisadas son persoas físicas e o 43,4% son sociedades ou outras formas xurídicas.
- o O ano medio de constitución das microempresas é 1992.
- o Un 81,5% das microempresas defínense como galegas, atendendo ao seu capital de negocios.
- o A porcentaxe de persoal masculino nas microempresas é dun 69,4%, fronte ao 30,6% de mulleres.
- o Só o 1,7% das microempresas teñen contratado persoal discapacitado.


As empresas estudadas clasifícanse segundo a súa actividade principal como mostra o gráfico G.1. Cabe salientar que a desagregación dos resultados segundo a actividade económica ofrécese para aqueles sectores que contan con representatividade estatística.

G.1. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA



Segundo a condición xurídica das empresas o 56,6% son persoas físicas e o 43,4% son sociedades e outras formas xurídicas.

G.2. CONDICIÓX JURÍDICA



Ano medio de constitución das microempresas: 1992


- ❑ O 25% constituíronse antes do 1987
- ❑ O 25% constituíronse entre o 1987 e o 1995
- ❑ O 25% constituíronse entre o 1995 e o 2001
- ❑ O 25% constituíronse a partir do 2001

Se temos en conta o ano de constitución das microempresas de Galicia, a media sitúase no ano 1992. Por períodos, o 25% constituíronse antes de 1987, outro 25% entre 1987 e 1995, o 25% constituíronse de 1995 a 2001 e o 25% restante son posteriores ao 2001.

A gran maioría das empresas da mostra (96%) defínense como galegas, atendendo ao seu capital de negocios, mentres que tan só un 3,4% se definen como estatais e o 0,6% como multinacionais, con establecementos ou sedes en Galicia.

G.3. CAPITAL DE NEGOCIOS

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as)



Fonte: OSIMGA

Doutro lado, analizando o número medio de traballadores e traballadoras que compoñen as empresas, atopamos que o número medio de homes é superior ao de mulleres, tanto se traballan por conta allea como por conta propia, aínda que a fenda é maior nos traballadores por conta propia. A análise de quen traballa por conta allea mostra así mesmo que os homes ocupan de xeito maioritario todos os postos nas empresas, a excepción dos traballos administrativos, ocupados maioritariamente polas mulleres.

En calquera caso, e á vista do número total de traballadores e traballadoras, as empresas están constituídas por equipos maioritariamente masculinos (o número de homes duplica ao de mulleres), de 1,91 persoas de media.

C.1. TRABALLADORES/AS

		NÚMERO MEDIO DE TRABALLADORES/AS		Total
		Homes	Mulleres	
POR CONTA ALLEA	Dirección	0,11	0,03	0,13
	Persoal técnico	0,20	0,04	0,24
	Persoal administración	0,08	0,12	0,20
	Outros	0,29	0,12	0,41
	Total	0,68	0,32	0,99
POR CONTA PROPIA	TOTAL	0,70	0,27	0,96
TOTAL		1,35	0,60	1,91

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
 Fonte: OSIMGA

C.2. DISTRIBUCION PORCENTUAL DE TRABALLADORES / AS


		% DISTRIBUCIÓN DE TRABALLADORES/AS		Total
		Homes	Mulleres	
POR CONTA ALLEA	Dirección	82,2	17,8	100,0
	Persoal técnico	84,6	15,4	100,0
	Persoal administración	42,1	57,9	100,0
	Outros	69,1	30,9	100,0
	Total	68,0	32,0	100,0
POR CONTA PROPIA	TOTAL	73,6	26,4	100,0
TOTAL		69,4	30,6	100,0

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Se temos en conta a distribución porcentual do persoal podemos observar que hai un 69,4% de homes na empresa fronte a un 30,6% de mulleres. Destas porcentaxes, destacan as mulleres como persoal administrativo cun 57,9% mentres que os outros postos son maioritariamente masculinos.

Por outra banda, só o 1,6% das microempresas conta con persoal con discapacidade.

G.4. PRESENZA DE TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE




Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

I.1.2. Grupo empresarial, relación matriz, mercados xeográficos

- o O 5,7% das microempresas galegas pertence a un grupo empresarial. Destas, un 37,9% son empresas filiais.
- o O mercado xeográfico de venda maioritario é o local ou autónomo (91,5%), seguido do mercado español cun 17,9%.

Un 5,7% das empresas entrevistadas pertence a un grupo empresarial, sendo nestes casos maioritariamente empresas filiais (37,9%), aínda que cómpre tamén destacar as porcentaxes de empresas matrices e asociadas (16,1% e 33,1% respectivamente).

G.5. PERTENZA A GRUPO EMPRESARIAL




Base: empresas de 0 a 9 traballadores que forman parte dun grupo empresarial
Fonte: OSIMGA

O 91,5% das microempresas vende os seus bens e servizos no mercado local ou autonómico e só o 17,9% no mercado estatal. Os mercados xeográficos de venda veñen condicionados polo tipo de actividade á que se dedican as empresas, e deste xeito, a maioría das empresas de Construción (92,7%) comercian no mercado local, así como o 91% das empresas que realizan actividades relacionadas cos Servizos. Son as empresas de Industria as que mostran unha maior presenza no comercio estatal e noutros países da Unión Europea e as empresas de Construción se sitúan no extremo oposto.

G.6. MERCADOS XEOGRÁFICOS DE VENDA DE BENS E SERVIZOS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as)



Fonte: OSIMGA

C.3. MERCADOS XEOGRÁFICOS DE VENDA DE BENS E SERVIZOS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Mercados xeográficos de venda de bens e servizos nos últimos 12 meses	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Mercado local / autonómico	89,3	92,7	91,3	91,5
Mercado español	25,5	11,0	19,4	17,9
Outros países da Unión Europea	9,4	2,2	4,9	4,6
Todos os demais países	3,7	0,0	1,6	1,4
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as

Fonte: OSIMGA

Existen tamén pequenas diferenzas segundo a condición xurídica, sendo as sociedades e outras formas xurídicas as que presentan unha maior variedade nos mercados xeográficos de venda dos seus bens e servizos, aínda que , tanto as sociedades como as persoas físicas venden principalmente no mercado local ou autonómico.

C.4. MERCADOS XEOGRÁFICOS DE VENDA DE BENS E SERVIZOS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Mercados xeográficos de venda de bens e servizos nos últimos 12 meses % de resposta múltiple	CONDICIÓN XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Mercado local / autonómico	91,6	91,3	91,5
Mercado español	11,5	26,3	17,9
Outros países da Unión Europea	2,6	7,3	4,6
Todos os demais países	0,7	2,3	1,4
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

I.1.3. En síntese

- O 56,6% das microempresas enquisadas son persoas físicas e o 43,4% son sociedades e outras formas xurídicas.
- O ano medio de constitución das microempresas galegas é 1992.
- As empresas galegas de entre 0 e 9 traballadores / as están formadas por unha media de 1,91 persoas. A porcentaxe de homes sitúase no 69,4% fronte ao 30,6% de mulleres. Os postos directivos corresponden maioritariamente aos varóns (82,2%), mentres que as mulleres aparecen sobrerrepresentadas en postos administrativos (57,9%).
- Só o 1,6% das microempresas ten persoal con algún tipo de discapacidade.
- Un 5,7% das empresas pertence a un grupo empresarial, sendo maioritariamente empresas filiais (37,9%).
- O 91,5% das microempresas vende os seus bens e servizos no mercado local ou autonómico, e o 17,9% o fai no mercado español. Obsérvase que os mercados xeográficos de venda non están moi condicionados polo tipo de actividade aos que se dedican as empresas nin polo tipo de forma xurídica.

I.2. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC

I.2.1. Equipamentos


Este segundo capítulo estuda o equipamento tecnolóxico e o acceso aos servizos da Sociedade da Información das empresas galegas con menos de 10 traballadores / as. O primeiro epígrafe destínase aos equipamentos das empresas, en relación coas principais variables de clasificación, mentres que o segundo se dedica a diversos aspectos relacionados co uso das tecnoloxías.

- o Os equipamentos TIC con maior presenza nas microempresas galegas son o ordenador (71,5%) e a telefonía móbil (61,7%).
- o As sociedades e outras formas xurídicas dispoñen de máis equipamentos relacionados coas TIC que as persoas físicas.
- o Segundo a actividade económica, as microempresas dedicadas a actividades industriais dispoñen de menor equipamento TIC que o resto.

O ordenador e a telefonía móbil para uso empresarial son os equipamentos relacionados coas TIC máis presentes nas empresas de menos de 10 asalariados / as. Máis de dous terzos (71,5%) dispón de ordenador, e o 61,7%, de telefonía móbil para uso empresarial. Importante é tamén a presenza de redes de área local e redes de área local sen fíos, con porcentaxes do 35,1% e do 20,2% respectivamente. A videoconferencia, a extranet e o sistema operativo de código libre/aberto presentan porcentaxes por baixo do 5%.

G.7. EQUIPAMENTOS DA EMPRESA

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as)



Fonte: OSIMGA

Segundo a actividade económica desenvolvida atopamos diferenzas no equipamento TIC das empresas. Deste xeito, son as empresas do sector Servizos as máis equipadas tecnolóxicamente e as relacionadas coa Industria as menos equipadas. Chama, sen embargo, a atención que sexan precisamente estas empresas, que amosan porcentaxes por baixo da media para todos os equipamentos analizados, as que en maior medida dispoñen de Intranet.

C.5. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Ordenador	67,0	71,1	72,2	71,5
Sistema operativo de código libre	4,0	7,0	4,3	4,9
Rede de área local	30,1	34,4	36,0	35,1
Rede de área local sen fíos	15,4	15,3	22,5	20,2
Servidores para bases de datos	13,6	14,9	19,4	17,8
Intranet corporativo	8,5	3,3	6,3	5,8
Extranet	2,4	2,9	3,3	3,1
Videoconferencia	0,0	0,9	4,9	3,6
Telefonía móbil para uso empresarial	51,0	71,4	59,7	61,7
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as

Fonte: OSIMGA

A condición xurídica é a variable que máis parece incidir nos equipamentos dos que dispoñen as microempresas, con fendas moi amplas para todos os equipamentos. A presenza de equipamentos TIC nas sociedades e outras formas xurídicas chega a duplicar e mesmo a triplicar á das persoas xurídicas en determinados equipamentos como o sistema operativo de código aberto, os servidores para bases de datos, a Intranet, a Extranet ou a videoconferencia.

C.6. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A CONDICIÓ XURÍDICA

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	CONDICIÓ XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Ordenador	59,9	86,6	71,5
Sistema operativo de código aberto	2,4	8,3	4,9
Rede de área local	23,7	50,0	35,1
Rede de área local sen fíos	16,8	24,5	20,2
Servidores para bases de datos	8,4	30,2	17,8
Intranet corporativo	4,1	8,0	5,8
Extranet	0,9	6,1	3,1
Videoconferencia	2,4	5,0	3,6
Telefonía móbil para uso empresarial	52,7	73,5	61,7
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA


I.2.2. Utilización das TIC

- o O 6,6% das microempresas galegas contan con sistemas TIC para o teletraballo.
- o As ferramentas informáticas de xestión contable e financeira (39,4% das microempresas) e de xestión de clientes e provedores (36%) son as máis empregadas.
- o Un 21,7% das microempresas galegas intercambia datos de xeito automatizado. Destas microempresas, un 59,8% reciben facturas electrónicas e un 36% envíaas.
- o Un 8,4% das microempresas galegas comparten información electronicamente con provedores e clientes. As sociedades e outras formas xurídicas presentan valores sensiblemente máis altos que as persoas físicas.
- o En relación a integración de información electrónica de dentro da empresa, destaca a área de contabilidade, seguido de xestión de produción.

Entre as microempresas que dispoñen de ordenador, a porcentaxe media de traballadores / as que o utiliza cando menos unha vez á semana é do 78,2%. Esta porcentaxe ascende ata o 82,6% nas microempresas do sector Servizos.

Apenas o 6,6% das empresas de menos de 10 traballadores / as conéctase a sistemas TIC a través de redes telemáticas externas á empresa, é dicir, teletraballan.

G.8. EMPRESAS CON TRABALLADORES/AS QUE SE CONECTAN A SISTEMAS TIC A TRAVES DE REDES TELEMATICAS EXTERNAS Á EMPRESA (TELETRABALLO)



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

O acceso a sistemas TIC mediante redes telemáticas externas é maior nas empresas do sector Servizos (7,4%), dato que cae 2,1 puntos para as empresas da Construción, e 3,6 puntos para as que se dedican a actividades relacionadas coa Industria.

C.7. EMPRESAS CON TRABALLADORES/AS QUE ACCEDEN A SISTEMAS TIC MEDIANTE REDES TELEMÁTICAS EXTERNAS (TELETRABALLO) SEGUNDO A ACTIVIDADE

Empresas con empregados / as que teletraballan	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Si	3,8	5,5	7,4	6,6
Non	90,3	85,1	80,8	82,6
NS / NC	5,9	9,4	11,8	10,7
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Se nos referimos agora á condición xurídica os datos mostran que os traballadores / as de sociedades e outras formas xurídicas acceden a sistemas TIC mediante redes en maior medida que as persoas físicas, cunha diferenza de 5,2 puntos porcentuais (9,6% fronte a 4,4%).

C.8. EMPRESAS CON TRABALLADORES/AS QUE ACCEDEN A SISTEMAS TIC MEDIANTE REDES TELEMÁTICAS EXTERNAS (TELETRABALLO) SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA


Empresas con empregados / as que teletraballan	CONDICIÓN XURÍDICA (%)		Total
	Persoas Física	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Sí	4,4	9,6	6,6
Non	84,9	79,7	82,6
NS /NC	10,8	10,7	10,7
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Sobre o total de empresas con persoal que teletraballa (6,6%), a casa é o lugar prioritario de acceso (79,8%). Lonxe deste dato atópanse os hoteis e aeroportos durante as viaxes de negocios (34%), outras localizacións da empresa ou grupo (19%) e as instalacións de clientes ou empresas asociadas (15,2%).

G.9. LUGARES DE ACCESO A SISTEMAS TIC


(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teletraballan)



Fonte: OSIMGA

Os resultados da enquisa revelan que a maioría de empresas de entre 0 e 9 traballadoras e traballadores que dispoñen de ordenador non teñen contratado o mesmo operador para os servizos de telefonía fixa, móbil e comunicación de datos.


G.10. CONTRATACIÓN DO MESMO OPERADOR PARA OS SERVIZOS DE TELEFONIA FIXA, TELEFONIA MÓBIL E COMUNICACIÓN DE DATOS



Base: Empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

En canto á utilización de diferentes ferramentas informáticas para os sistemas de xestión, o 39,4% das microempresas fai uso de ferramentas informáticas de xestión contable e financeira, o 36% utiliza ferramentas informáticas para a xestión de clientes e provedores e o 32,2% usa ferramentas informáticas de xestión administrativa de vendas e compras. As ferramentas de xestión de produción e loxística presentan aínda un uso minoritario, con porcentaxes do 14,1% e o 13,5%, respectivamente.

G.11. UTILIZACIÓN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS PARA OS SISTEMAS DE XESTIÓN



Fonte: OSIMGA

Por actividade, son as empresas do sector Industrial as que fan, en xeral, un maior uso de ferramentas informáticas de xestión. Nas de Construción e Servizos atopamos un uso diferenciado en función do tipo de ferramentas, utilizando as de Construción, en maior medida, ferramentas informáticas de xestión contable e financeira e de xestión administrativa de vendas e compras, mentres que as de Servizos fan máis uso das ferramentas de xestión de clientes e provedores, produción e loxística.

C.9. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Xestión contable e financeira	42,2	42,1	38,2	39,4
Xestión administrativa de vendas e compras	35,9	31,5	31,9	32,2
Xestión de clientes e provedores	34,9	29,1	38,5	36,0
Xestión de produción	21,8	11,2	14,0	14,1
Xestión de loxística	16,2	7,6	15,2	13,5
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

O emprego de ferramentas informáticas é superior nas sociedades e outras formas xurídicas que nas persoas físicas para todos os tipos de ferramentas informáticas estudadas. As diferenzas chegan a ser do triple se nos referirmos ás ferramentas de xestión de produción, e se reducen para o emprego de ferramentas de xestión de clientes e provedores, aínda que as fendas son elevadas en todos os casos.


C.10. UTILIZACIÓN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A CONDICIÓ XURÍDICA

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	CONDICIÓ XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Xestión contable e financeira	25,9	57,1	39,4
Xestión administrativa de vendas e compras	21,2	46,5	32,2
Xestión de clientes e provedores	27,4	47,2	36,0
Xestión de produción	7,4	22,7	14,1
Xestión de loxística	8,4	20,2	13,5
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

O 21,7% das microempresas intercambia datos de xeito automatizado, cun aumento de 12,3 puntos porcentuais no período comprendido entre xaneiro de 2009 e decembro de 2010. O intercambio automatizado de datos é superior nas empresas do sector Industrial (25,4%), seguidas das de Servizos (22,7%) e Construción (15,1%).

G.12. INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS




Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

G.13. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que realizaron intercambio electrónico de datos entre empresas

(% empresas de 0 a 9 traballadores / as)



Fonte: OSIMGA-INE

C.11. INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO ACTIVIDADE

Intercambio automatizado de datos	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construcción	Servizos	
Sí	25,3	17,6	22,7	21,7
Non	72,8	77,0	71,1	72,6
NS /NC	2,0	5,4	6,2	5,7
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as

Fonte: OSIMGA

Dende o punto de vista da condición xurídica da empresa, as persoas físicas fan uso do intercambio automatizado de datos en menor medida que as sociedades e outras formas xurídicas (19,1% fronte a 25,3%).

G.12. INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Intercambio automatizado de datos	CONDICIÓN XURÍDICA (%)		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Sí	19,1	25,3	21,8
Non	76,9	66,9	72,5
NS / NC	4,1	7,8	5,7
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as

Fonte: OSIMGA

Das microempresas que intercambian datos de xeito automatizado, un 72,4% intercambiou información sobre produtos, un 62,7% enviou pedidos aos seus provedores, e un 59,8% recibiu facturas electrónicas. O envío de facturas electrónicas presenta a porcentaxe máis baixa (36%).

C.13. TIPOLOXÍA DE MENSAXES AUTOMATIZADAS INTERCAMBIADAS NAS EMPRESAS

TIPOLOXÍA DE MENSAXES AUTOMATIZADAS	SI	NON	NS / NC
Envío de pedidos aos provedores	62,7	35,2	2,1
Recepción de facturas electrónicas	59,8	39,1	1,1
Recepción de pedidos de clientes	46,5	52,9	0,6
Envío de facturas electrónicas	36,0	61,2	2,8
Envío ou recepción de información sobre produtos	72,4	24,9	2,7
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío de entregas	48,3	46,9	4,8
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	58,2	37,1	4,6
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	42,7	54,1	3,2

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que intercambiaron automatizadamente datos

Fonte: OSIMGA


Atendendo á condición xurídica, obsérvanse diferenzas na tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas, e así, as persoas físicas envían pedidos aos provedores, reciben e envían facturas electrónicas, e envían ou reciben información sobre produtos en maior medida que as sociedades e outras formas xurídicas. Pola súa parte, estas reciben pedidos de clientes, envían ou reciben documentación sobre transporte, envían instrucións de pago a entidades bancarias e intercambian información automatizada coas Administracións Públicas en maior medida que as persoas físicas.

C.14. TIPOLOXÍA DE MENSAXES AUTOMATIZADAS INTERCAMBIADAS NAS EMPRESAS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas % de resposta múltiple	CONDICIÓN XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Envío de pedidos aos provedores	71,5	54,1	62,7
Recepción de facturas electrónicas	63,9	55,8	59,8
Recepción de pedidos de clientes	40,6	52,2	46,5
Envío de facturas electrónicas	37,0	34,9	36,0
Envío ou recepción de información sobre produtos	73,5	71,3	72,4
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío de entregas	45,9	50,6	48,3
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	47,9	68,3	58,2
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	29,1	56,0	42,7
N	89	91	179

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que intercambiaron automatizadamente datos
Fonte: OSIMGA

G.14. COMPARTIR INFORMACIÓN ELECTRÓNICAMENTE CON PROVEDORES E CLIENTES



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA


O 8,4% das empresas de 0 e 9 empregados / as compartiron información electronicamente con provedores e clientes, principalmente cos seus provedores, para verificar o estado dos envíos. A media estatal sitúase no 5,2%.

G.15. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que compartían electronicamente información cos seus provedores ou clientes

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores / as)



Fonte: OSIMGA-INE

C.15. TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA COMPARTIDA CON PROVEEDORES E CLIENTES

TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA COMPARTIDA (%)	SI	NON	NS / NC
Provedores: Niveis de inventario, plans de produción e previsión de demanda	28,9	61,6	9,6
Provedores: Estado de envíos	68,3	24,3	7,4
Clientes: Niveis de inventario, plans de produción e previsións de demanda	21,0	68,4	10,6
Clientes: Estado de envíos	38,7	54,2	7,2

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que comparten información electronica con provedores e clientes

Fonte: OSIMGA

En relación á condición xurídica, existen diferenzas importantes entre as persoas físicas e as sociedades e outras formas xurídicas, destacando as segundas sobre as primeiras no que a compartir información electrónica se refire, ben con provedores ou ben con clientes.

C.16. TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA COMPARTIDA CON PROVEEDORES E CLIENTES SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Tipoloxía de información electrónica compartida % de resposta múltiple	CONDICIÓN XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Provedores: Niveis de inventario, plans de produción e previsión de demanda	15,9	43,9	28,9
Provedores: Estado de envíos	61,5	76,1	68,3
Cientes: Niveis de inventario, plans de produción e previsións de demanda	8,6	35,2	21,0
Cientes: Estado de envíos	15,0	66,0	38,7
N	37	32	69

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que comparten información electrónica con provedores e clientes

Fonte: OSIMGA

Se tivermos en conta a integración da información dentro da empresa, destaca a área de contabilidade, cun 11,8%, seguido da xestión de produción cun 7%. A área minoritaria neste campo é a xestión de stocks, que só ocupa o 5,7% do volume total.

C.17. RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA

ÁREAS DA EMPRESA QUE RECIBIAN INFORMACIÓN AUTOMÁTICA DE PEDIDOS	SI	NON	NS / NC
Xestión de stocks	5,7	84,2	10,1
Contabilidade	11,8	78,0	10,2
Xestión de produción	7,0	81,9	11,1
Xestión de distribución	6,8	82,3	10,9

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as

Fonte: OSIMGA

Conforme ao tipo de actividade, a Construción e os Servizos destacan na área de contabilidade cun 11,2% e o 12,5%, mentres que na Industria a principal área é a de xestión de produción, cun 10,7%.

C.18. RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA SEGUNDO ACTIVIDADE

Áreas da empresa que recibían información automática de pedidos % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Xestión de stocks	6,5	2,0	6,9	5,7
Contabilidade	8,1	11,2	12,5	11,8
Xestión de produción	10,7	4,6	7,4	7,0
Xestión de distribución	8,0	2,7	8,1	6,8
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Se temos en conta a condición xurídica da empresa, as sociedades van un paso por diante na integración da información en case todas as áreas da empresa con respecto ás persoas físicas, destacando a área de contabilidade seguida da de xestión de produción.

C.19. RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Áreas da empresa que recibían información automática de pedidos % de resposta múltiple	CONDICIÓN XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Xestión de stocks	3,8	8,2	5,7
Contabilidade	8,2	16,7	11,8
Xestión de produción	4,7	10,1	7,0
Xestión de distribución	6,0	7,9	6,8
N	467	358	825


Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

En canto á integración do envío de ordes de pedido en diferentes áreas, a de contabilidade é superior a de xestión de stocks cun 11,2% e 6,7% respectivamente. Se temos en conta a actividade da empresa, a Industria vai por diante na xestión de stocks (9,5%) e a de Servizos en contabilidade (12,1%). Tendo en conta a condición xurídica das empresas, as sociedades e outras formas xurídicas superan amplamente ás persoas físicas neste tipo de envío de información.

G.16. ENVÍO DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA

Integración do envío de ordes de pedido en diferentes áreas da empresa

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as)



Fonte: OSIMGA

C.20. ENVÍO DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA SEGUNDO ACTIVIDADE

Áreas da empresa que enviaban información automática de pedidos % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Xestión de stocks	9,5	2,3	7,9	6,7
Contabilidade	9,6	9,1	12,1	11,2
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA


C.21. ENVÍO DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Áreas da empresa que enviaban información automática de pedidos % de resposta múltiple	CONDICIÓN XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Xestión de stocks	3,7	10,6	6,7
Contabilidade	8,1	15,3	11,2
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Das microempresas enquisadas, un 1,9% dispón de ERP para compartir información sobre compras e vendas con outras áreas funcionais da súa empresa, mentres o 1,7% dispón de CRM para a xestión de información que permita compartir esta información con outras áreas da empresa ou analizar dita información con fins comerciais ou de márketing.

G.17. DISPOÑIBILIDADE DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS



En función da actividade da empresa, a dispoñibilidade de ambas as dúas ferramentas informáticas é maior nas empresas do sector Industrial, con valores que duplican a media no caso do CRM, e que practicamente a triplican para o ERP. As empresas dedicadas a actividades relacionadas coa Construción amosan as porcentaxes máis baixas neste aspecto, mentres que as de Servizos presentan un comportamento homoxéneo con respecto á media.

C.22. DISPOÑIBILIDADE DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO ACTIVIDADE

Dispoñibilidade de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
ERP	5,1	0,7	1,8	1,9
CRM	3,2	1,2	1,7	1,7
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

As sociedades e outras formas xurídicas dispoñen en maior medida que as persoas físicas de ERP e CRM, aínda que as porcentaxes son moi baixas en ambos os dous casos.

C.23. DISPOÑIBILIDADE DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A CONDICION XURÍDICA

Dispoñibilidade de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	CONDICIÓN XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
ERP	0,0	4,3	1,9
CRM	0,7	3,0	1,7
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA


Aínda que as porcentaxe de dispoñibilidade de ERP e CRM para as microempresas galegas son baixas, os valores estatais para estes indicadores non superan o 5%.

G.18. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP e CRM para xestionar información de clientes

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores / as)



Fonte: OSIMGA-INE

I.2.3. En síntese

- O ordenador (71,5%) e a telefonía móbil (61,7%) son os equipamentos TIC con maior presenza nas microempresas galegas.
-
- A condición xurídica é a variable que máis incide nos equipamentos dos que dispoñen as microempresas, con fendas moi amplas para todos os equipamentos. A presenza de equipamentos TIC nas sociedades e outras formas xurídicas chega a duplicar e mesmo a triplicar á das persoas xurídicas en determinados equipamentos como o sistema operativo de código aberto, os servidores para bases de datos, a Intranet, a Extranet ou a videoconferencia.
- As empresas dedicadas a actividades industriais son as que dispoñen de menos equipamentos relacionados coas TIC.
- Entre as microempresas que dispoñen de ordenador, a porcentaxe media de traballadores / as que o utiliza cando menos unha vez á semana é do 78,2%.
- As ferramentas informáticas máis empregadas nas microempresas son as de xestión contable e financeira (39,4%) e as de xestión de clientes e provedores (36%).
- Un 21,7% das microempresas galegas intercambian de datos de xeito automatizado. Delas, un 59,8% recibe facturas electrónicas e un 36% envíaas.
- O 8,4% das microempresas galegas comparten información electrónicamente con provedores e clientes. As sociedades e outras formas xurídicas teñen porcentaxes máis altos que as persoas físicas.
- En relación a integración de información electrónica dentro da empresas, destaca a área de contabilidade, seguida da de xestión de produción.

I.3. SERVICIOS UTILIZADOS A TRAVÉS DE INTERNET


Este capítulo aborda diferentes cuestións que teñen que ver cos servizos empregados a través de Internet polas microempresas galegas. En primeiro lugar, analízase a dispoñibilidade de acceso, a tecnoloxía contratada e a velocidade, para centrarse nun segundo epígrafe na interacción coas Administracións Públicas, os servizos empregados a través da Rede e o uso da sinatura dixital, para rematar estudando cuestións asociadas á seguridade informática.

I.3.1. Acceso a Internet

- o O 63,8% das microempresas galegas dispón de acceso a Internet contratado.
- o Existen grandes diferenzas entre as persoas físicas (53,2%) e as sociedades (77,7%) na contratación de Internet.
- o O 60% das microempresas galegas dispoñen de Banda Larga.
- o O ADSL é a modalidade de conexión principal para o 78,7% das microempresas con conexión a Internet.
- o O tramo de velocidade máis frecuente é o comprendido entre os 4 e os 10 Mbps, contratado polo 31,6% das microempresas.

O 63,8% das microempresas galegas dispón de acceso a Internet. As empresas que se dedican a actividades relacionadas coa Construción (64,5%) e as de Servizos (64,4%) sitúanse lixeiramente por riba da media. As do sector Industrial presentan neste indicador unha porcentaxe 6 puntos por baixo da media (57,7%).


G.19. DISPOÑIBILIDADE DE ACCESO A INTERNET



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

A contratación de Internet amosa unha rápida evolución en Galicia, cun incremento de 17 puntos porcentuais con respecto ao inicio do ano anterior e sitúa á Comunidade Galega en valores superiores á media estatal.

G.20. EVOLUCIÓN DO INDICADOR



De entre as microempresas galegas que non dispoñen de acceso a Internet, unha ampla maioría apunta como causa desa ausencia que “non o necesitan” (47,1%). Hai outros aspectos, como a falta de coñecementos para utilizalo, que serve de argumento para un 15,8% delas. Cuestións económicas, como o prezo da conexión ou dos equipos son máis minoritarias, representando un factor a ter en conta para pouco máis do 8% das empresas que non teñen Internet.

C.24. DISPOÑIBILIDADE DE INTERNET NAS EMPRESAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Dispoñibilidade de Internet	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Sí	57,7	64,5	64,4	63,8
Non	39,4	35,3	32,6	33,8
NS / NC	2,9	0,2	3,0	2,3
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Existen grandes diferenzas na contratación de Internet entre as persoas físicas (53,2%) e as sociedades (77,7%) con máis de 24 puntos porcentuais entre os dous valores.


C.25. DISPOÑIBILIDADE DE INTERNET NAS EMPRESAS SEGUNDO A CONDICIÓ XURÍDICA

Dispoñibilidade de Internet	CONDICIÓ XURÍDICA (%)		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Sí	53,2	77,7	63,8
Non	44,1	20,4	33,8
NS / NC	2,7	1,9	2,3
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

O 86,6% das empresas que dispoñen de Internet teñen conta de correo electrónico fronte a un 10,9% que recoñeceu non dispoñer dela.

G.21. DISPOÑIBILIDADE DE CONTA DE CORREO



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA


Un 60% das microempresas galegas dispoñen de conexión a Internet a través de banda larga. Cabe destacar a significativo incremento da banda larga nas microempresas galegas desde o ano 2008 e, especialmente, débese salientar o incremento de 17 puntos desde comezos de 2009 a decembro de 2010.

G.22. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con conexión a Internet con Banda Larga

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores / as)




Fonte: OSIMGA-INE

(1) Considérase Banda Larga á conexión a Internet realizada a través de ADSL, Cable, Banda Larga móbil e outras tecnoloxías de Banda Larga

En relación á tecnoloxía principal contratada de acceso a Internet, o 78,7% das empresas enquisadas que dispoñen de Internet contan con ADSL. A segunda modalidade de conexión en orde de importancia é o cable. Outras tecnoloxías máis recentes como a banda larga móbil aínda contan con moi baixa implantación como modalidade de acceso principal.

G.23. TECNOLOXÍA PRINCIPAL DE ACCESO A INTERNET CONTRATADA NA EMPRESA

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso de Internet)



Fonte: OSIMGA

Nas dúas táboas seguintes amósanse os resultados da tecnoloxía principal contratada en relación á actividade e á condición xurídica. O ADSL ten maior presenza no sector Servizos, por riba da media, e o cable no sector Industrial.

C.26. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Telefónica básica e módem	4,4	5,5	4,4	4,7
RDSI	2,7	0,5	0,0	0,3
ADSL	71,0	75,6	80,7	78,7
CABLE	19,9	13,7	11,5	12,7
Banda Larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	0,0	1,2	1,3	1,2
Outras tecnoloxías de Banda Larga	0,0	1,2	1,4	1,3
NS / NC	2,0	2,2	0,6	1,1
N	41	125	360	527

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

C.27. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A CONDICIÓX XURÍDICA


Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	CONDICIÓX XURÍDICA (%)		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Telefónica básica e módem	4,8	4,6	4,7
RDSI	0,0	0,6	0,3
ADSL	79,2	78,3	78,7
CABLE	14,2	11,4	12,7
Banda Larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	0,1	2,2	1,2
Outras tecnoloxías de Banda Larga	0,5	1,9	1,3
NS / NC	1,2	1,0	1,1
N	248	278	527

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

O 64,2% das microempresas que dispoñen de Internet, teñen contratadas velocidades de acceso superiores a 2 Mbps, sendo a velocidade de acceso máis frecuente a que oscila entre 4 e 10 Mbps (31,6%). Destaca a alta porcentaxe de empresas (19,7%) que non responden a esta cuestión.

G.24. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET CONTRATADA NA EMPRESA

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

Por actividade, obsérvanse diferenzas na velocidade de acceso máis frecuente, que nas empresas relacionadas coa Industria se sitúa entre 2 e 4 Mbps e no resto entre 4 e 10 Mbps.

C.28. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE

Velocidade de acceso a Internet	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Menos de 1 Mbps	4,9	6,4	5,4	5,6
De 1 Mbps asta 2 Mbps	14,0	6,6	11,5	10,5
De 2 Mbps ata 4 Mbps	25,4	21,9	16,5	18,5
De 4 Mbps ata 10 Mbps	18,8	41,3	29,6	31,6
De 10 Mbps e máis	14,9	8,0	16,1	14,1
NS / NC	22,0	15,8	20,8	19,7
N	41	125	360	527

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

A condición xurídica non parece influír dun xeito moi notable na contratación da velocidade de acceso a Internet, aínda que a velocidade contratada é lixeiramente superior nas sociedades e outras formas xurídicas con respecto ás persoas físicas.

C.29. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Velocidade de acceso a Internet	CONDICIÓN XURÍDICA (%)		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Menos de 1 Mbps	7,2	4,2	5,6
De 1 Mbps asta 2 Mbps	10,0	10,9	10,5
De 2 Mbps ata 4 Mbps	18,6	18,4	18,5
De 4 Mbps ata 10 Mbps	35,5	28,1	31,6
De 10 Mbps e máis	12,4	15,6	14,1
NS / NC	16,2	22,9	19,7
N	248	278	527


Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

I.3.2. Interacción coas Administracións Públicas, sinatura dixital

- o O 45,7% das microempresas con conexión a Internet interactúa coas Administracións Públicas a través de Internet. Esta porcentaxe sitúase no 59,4% para as Sociedades e no 30,5% para as persoas físicas.
- o Os principais motivos polos que interactúan as empresas coas Administracións Públicas utilizando a Rede son para obter información e impresos.
- o O 26,2% das microempresas con conexión a Internet utiliza a sinatura dixital, situándose en valores próximos á media estatal.
- o O uso maioritario de sinatura dixital é para relacionarse coas Administracións Públicas.
- o Existe unha diferenza de 19 puntos porcentuais entre o uso de sinatura dixital por parte das sociedades e das persoas físicas.
- o Os antivirus son os sistemas de seguridade máis empregados (88,7%)

Un 45,7% das empresas de entre 0 e 9 traballadores/as e que dispoñen de Internet, utilízano para interactuar coas Administracións Públicas, experimentando un incremento de 13,5 puntos porcentuais con respecto a 2009.

G.25. USO DE INTERNET PARA INTERACTUAR COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS




Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

G.26. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA-INE

C.30. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Interacción coas administracións públicas	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construcción	Servizos	
Si	53,7	44,4	45,3	45,7
Non	43,9	50,0	46,7	47,3
NS / NC	2,4	5,6	8,1	7,0
N	41	126	360	527

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

Segundo a actividade da empresa, o 53,7% das empresas do sector Industrial interactúan coas Administracións Públicas a través de Internet, fronte ao 44,4% das relacionadas coa Construción.

C.31. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Interacción coas Administracións Públicas	CONDICIÓN XURÍDICA (%)		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Si	30,5	59,4	45,7
Non	61,0	34,9	47,3
NS / NC	8,4	5,8	7,0
N	249	278	527

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

Tendo en conta a condición xurídica, o 59,4% das Sociedades e outras formas xurídicas, interactúan coas Administracións Públicas a través de Internet, mentres que só o 30,5% das persoas físicas utilizan este medio para relacionarse coa Administración.

Os fins principais das empresas que interactúan a través de Internet coas Administracións son a obtención de información (40,2%) e impresos e formularios (38,6%). A Administración coa que máis se relacionan, utilizando este medio para a solicitude de información, é a Xunta de Galicia (74,4%), seguido da Administración Xeral do Estado (72,9%) e, por último, os Concellos (42,3%). Nas interaccións para obter ou devolver impresos e para a xestión electrónica completa predominan a relación coa Administración Xeral do Estado. Para presentar unha proposta a licitación pública, novamente, a Xunta de Galicia é a Administración que máis interactúa coas microempresas.

C.32. TIPO DE INTERACCIÓN A TRAVÉS DE INTERNET COAS ADMINISTRACIÓNS

TIPO DE INTERACCIÓN	Si (%)	Administracións (% sobre as empresas que interactuaron coas AAPP para...)			
		Xunta de Galicia	Admon Xeral do Estado	Concellos	Ns / nc
Para obter información	40,2	74,4	72,9	42,3	11,3
Para obter impresos e formularios	38,6	66,9	72,0	37,7	10,6
Para devolver impresos cubertos	28,9	54,1	70,4	27,4	13,0
Para a xestión electrónica completa	24,0	43,7	73,9	25,1	15,3
Para presentar unha proposta comercial a licitación pública	7,6	58,7	43,0	43,8	36,4

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet

Fonte: OSIMGA


Se se comparan os anteriores indicadores coa media estatal, obsérvase que as microempresas galegas interactúan en maior medida coas Administracións Públicas a través de Internet que as microempresas do conxunto de Estado, se ben, cómpre advertir que o período de recollida de datos para Galicia é case un ano posterior ao correspondente período para os datos estatais.

G.27. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet para obter información

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA-INE

G.28. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet para obter formularios

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA-INE

G.29. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet para devolver impresos cubertos

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA-INE

G.30. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet para realizar unha xestión electrónica completa

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA-INE

G.31. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet para presentar unha proposta a licitación pública

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA-INE

Entre os principais servizos empregados na Rede destacan a busca de información xeral (93,9%) e a obtención de servizos bancarios e financeiros (64,2%). O control do rendemento laboral do persoal que traballa en locais alleos á empresa ou en exteriores, as operacións en *marketplaces* e a busca de persoal son opcións minoritarias, con porcentaxes inferiores ao 10%.


C.33. SERVIZOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET

SERVIZOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET (%)	SI	NON	NS / NC
Busca de información en xeral	93,9	2,6	3,5
Obtención de servizos bancarios e financeiros	64,2	31,4	4,4
Formación e aprendizaxe	41,7	52,8	5,5
Seguimento do comportamento do mercado	36,4	56,4	7,2
Para recibir produtos / servizos dixitais	39,4	54,6	6,0
Para obter servizos postventa / prevenda	24,6	67,6	7,8
Acceso a aplicacións / ferramentas definidas para o negocio	43,9	48,8	7,3
Control do rendemento laboral do persoal que traballa en locais alleos á empresa ou en exteriores	3,4	90,4	6,3
Servizos de transporte e aloxamento	25,9	68,9	5,2
Busca de persoal	9,1	84,2	6,7
Publicidade da súa empresa	31,3	63,2	5,5
Operación nalgún marketplace	3,8	85,4	10,8

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

Do total de empresas de entre 0 e 9 traballadoras e traballadores que dispoñen de Internet, o 26,2% utiliza a sinatura dixital, cun incremento dun 8,3% con respecto a 2009 e sitúandose en valores similares á media estatal.

G.32. UTILIZACIÓN DA SINATURA DIXITAL




Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas utilizaron a sinatura dixital nalgunha comunicación enviada

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA-INE

A sinatura dixital é máis utilizada polas empresas do sector Industrial (32,8%), seguidas das de Servizos (26,6%) e por último as dedicadas á Construción (22,8%).

C.34. UTILIZACIÓN DA SINATURA DIXITAL SEGUNDO A ACTIVIDADE

Utilización da sinatura dixital	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Sí	32,8	22,8	26,6	26,2
Non	61,8	68,7	65,5	65,9
NS / NC	5,4	8,5	7,9	7,9
N	41	125	360	527

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Segundo a condición xurídica, a utilización da sinatura dixital é moito maior nas sociedades e outras formas xurídicas, cunha diferenza de 19 puntos porcentuais con respecto ás persoas físicas.

C.35. UTILIZACIÓN DA SINATURA DIXITAL SEGUNDO A CONDICIÓX XURÍDICA


Utilización da sinatura dixital	CONDICIÓX XURÍDICA (%)		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Sí	16,1	35,2	26,2
Non	75,9	57,1	65,9
NS / NC	8,0	7,7	7,9
N	248	278	527

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

O uso maioritario da sinatura dixital é a relación coas Administracións Públicas, diminuindo significativamente para a relación con clientes e provedores.

G.34. EMPREGO DA SINATURA DIXITAL

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que usaron a sinatura dixital)



Fonte: OSIMGA

Os resultados da enquisa poñen de manifesto que o 88,7% das microempresas que teñen acceso a Internet dispoñen dun software antivirus ou similar. As devasas (54,3%) e os mecanismos de autentificación tales como o número PIN ou o contrasinal (45,2%) seguen aos antivirus como elementos de seguridade, ao tempo que os arquivos informáticos con datos de carácter persoal rexistrados na Axencia de Protección de Datos son a opción menos nomeada, cun 29,1%.

Un 16,8% das microempresas galegas que dispoñen de Internet sufriron un ataque de virus informático no ano 2010.

C.36. ELEMENTOS DE SEGURIDADE DA EMPRESAS

ELEMENTOS DE SEGURIDADE (%)	SI	NON	NS / NC
Software antivirus ou similar	88,7	5,5	5,8
Devasa (cortafuegos, <i>firewall</i>)	54,3	34,0	11,7
Servidor seguro (admite protocolos seguros como https)	35,9	47,7	16,4
Mecanismos de copia de seguridade <i>off-site</i>	35,0	49,0	15,9
Outros mecanismos de autenticación (nº PIN ou usuario / a / contrasinal)	45,2	42,0	12,9
Arquivos informáticos con datos de carácter persoal rexistrados na Axencia de Protección de Datos	29,1	54,0	16,9

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

C.37. PROBLEMAS RELACIONADOS COA SEGURIDADE NOS ÚLTIMOS DOCE MESES

PROBLEMAS DE SEGURIDADE(%)	SI	NON	NS / NC
Ataque de virus informático	16,8	73,6	9,7
Acceso non autorizado ao sistema informático ou a datos da empresa	1,5	86,3	12,2
Fraude económica	0,9	86,8	12,3

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

I.3.3. En síntese


- O 63,8% das empresas das microempresas galegas dispón de acceso a Internet contratado.
- Existen grandes diferenzas entre as persoas físicas (53,2%) e as sociedades (77,7%) na contratación de Internet.
- O 60% das microempresas galegas dispoñen de Banda Larga.
- O ADSL é a modalidade de conexión principal para o 78,7% das microempresas con conexión a Internet.
- O tramo de velocidade máis frecuente é o comprendido entre os 4 e os 10 Mbps, contratado polo 31,6% das microempresas.
- O 45,7% das microempresas con conexión a Internet interactúan coas coas Administracións Públicas a través da Rede. Esta porcentaxe sitúase no 54,9% para as sociedades e no 30,5% para as persoas físicas.
- Os principais motivos para interactuar coas Administracións Públicas foron a obtención de información (40,2%) e a procura de impresos e formularios (38,6%).
- Entre os principais servizos empregados a través de Internet, a busca da información ocupa o primeiro lugar, 93,9% das microempresas con conexión á Rede, seguida da obtención de servizos bancario se financeiros (64,2%), mentres que os servizos de control de rendemento de persoal que traballa en locais alleos á empresa e os relacionados con operacións *marketplaces* son os que menos se utilizan.
- O uso da sinatura dixital nas microempresas con conexión a Internet é dun 26,2% aproximándose á media estatal do 26,7%. Maioritariamente emprégase para relacionarse coas Administracións Públicas (79%).
- Hai un maior uso da sinatura dixital entre as sociedades e outras formas xurídicas (un 35,2%) que nas persoas físicas (16,1%).

I.4. PAXINA WEB

- o O 27,4% das microempresas galegas con conexión a Internet dispoñen de páxina web, cun incremento de 5,5 puntos porcentuais con respecto a comezos do ano 2009.
- o Os motivos principais das microempresas para non dispoñer de páxina web son a falta de demanda dos contidos da empresa (28%), a falta de recursos e a existencia doutras prioridades (27,5%).
- o O 32,4% das microempresas galegas sen web opina que dispoñer dunha páxina web reportaríalles beneficios a medio prazo.
- o O 41,0% das microempresas con web recoñece non cumprir as normas de accesibilidade.
- o O 86,7% das microempresas con web dispón de dominio propio.
- o O castelán é o idioma principal das súas páxinas web.
- o O contido principal das páxinas web das microempresas é a presentación da empresa e os seus produtos (89,6%)

O 27,4% das empresas de entre 0 e 9 traballadores / as que dispoñen de acceso a Internet posúen así mesmo páxina web, e un 7,7% téñena en construción. Este indicador experimentou un crecemento de 5,5 puntos porcentuais desde comezos do ano 2009, sitúandose lixeiramente por riba da media estatal.

G.35. DISPOÑIBILIDADE DE PAXINA WEB




Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

G.36. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Dispoñibilidade de páxina web

Comparativa Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA-INE

A dispoñibilidade de web é maior para as empresas dedicadas a actividades industriais (35%), seguidas das de Servizos (28,5%) e Construción (21,6%).

C.38. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A ACTIVIDADE

Dispoñibilidade de páxina web	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Sí	35,0	21,6	28,5	27,4
En construción	5,2	7,5	8,1	7,7
Non	58,8	69,9	63,4	64,6
NS / NC	1,1	1,0	0,0	0,3
N	41	125	360	527

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

A dispoñibilidade de páxina web é tamén maior para as sociedades e outras formas xurídicas (30,9%) que para as persoas físicas (23,4%). Hai que ter en conta ademais que un 10,8% das sociedades e outras formas xurídicas teñen a páxina en construción, porcentaxe que se reduce ao 4,3% no caso das persoas físicas.

C.39. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Dispoñibilidade de páxina web	CONDICIÓN XURÍDICA (%)		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Sí	23,4	30,9	27,4
En construción	4,3	10,8	7,7
Non	72,2	57,7	64,6
NS / NC	0,1	0,6	0,3
N	248	278	527


Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

Do 64,6% das microempresas que dixeron non ter páxina web, o 28% nomearon como motivo principal a ausencia de demanda dos contidos da empresa, o 27,5% a existencia doutras prioridades e a mesma porcentaxe o feito de non ter recursos para creala e mantela.

G.37. MOTIVACIÓNS DE NON DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que non teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

C.40. MOTIVACIÓNS DE NON DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A ACTIVIDADE

Motivacións de non dispoñibilidade de páxina web % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Información insuficiente	11,5	4,4	12,5	10,3
Outras prioridades	33,4	22,3	28,9	27,5
Non hai demanda	15,5	28,2	29,2	28,0
Non hai recursos	28,4	25,7	28,1	27,5
Outros motivos	1,4	4,4	5,0	4,6
NS / NC	24,6	24,4	19,7	21,3
N	25	89	229	342

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que non teñen páxina web
Fonte: OSIMGA


C.41. MOTIVACIÓNS DE NON DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A CONDICIÓ XURÍDICA

Motivacións de non dispoñibilidade de páxina web % de resposta múltiple	CONDICIÓ XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Información insuficiente	12,6	7,8	10,3
Outras prioridades	25,6	29,7	27,5
Non hai demanda	26,8	29,2	28,0
Non hai recursos	39,8	13,9	27,5
Outros motivos	2,3	7,1	4,6
NS / NC	18,4	24,4	21,3
N	180	162	342

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que non teñen páxina web
Fonte: OSIMGA

O 32,4% das microempresas que non teñen páxina web opinan que o feito de dispoñer dela os beneficiaría a medio prazo, fronte ao 40,1% que considera que non.

G.38. BENEFICIO DE DISPOÑER DE PÁXINA WEB A MEDIO PRAZO



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que non teñen páxina web
Fonte: OSIMGA

En relación á condición xurídica, o beneficio percibido de dispoñer de páxina web é maior para as persoas físicas (36,4%) que para as sociedades e outras formas xurídicas (27,9%).

C.42. BENEFICIO DE DISPOR DE PÁXINA WEB EN MEDIO PRAZO SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA


Beneficio de dispoñer de páxina web	CONDICIÓN XURÍDICA (%)		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Si	36,4	27,9	32,4
Non	33,3	47,7	40,1
NS / NC	30,3	24,3	27,5
N	180	162	342

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que non teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Nunha escala de valoración de 1 a 6, a liña de cooperación desde a Administración para a implantación de páxina web máis valorada polas microempresas é a colaboración nos servizos de aloxamento da páxina (3,8), aínda que todas as liñas de actuacións acadan valores homoxéneos arredor do 3,5.

G.39. LIÑAS DE COOPERACIÓN DESDE A ADMINISTRACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DE PÁXINA WEB NA EMPRESA

(valoración media de 1 a 6 sobre empresas de 0 a 9 traballadores/as que non teñen páxina web)




Fonte: OSIMGA

O 90,2% das empresas con páxina web dispoñen deste servizo dende hai máis de un ano e un 65,5% dende hai máis de tres, ao tempo que tan só un 5% teñen páxinas de recente creación, con menos de un ano de antigüidade.

G.40. ANTIGÜIDADE DA PÁXINA WEB


(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

A maioría de empresas con equipos de entre 0 e 9 empregados / as con páxina web, dispoñen tamén de dominio propio (86,7%).

G.41. DISPOÑIBILIDADE DE DOMINIO PROPIO




Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web
Fonte: OSIMGA

O 18,2% das empresas con páxina web, actualiza os seus contidos mensualmente, o 15,2% faíno a diario, e o 9,8% todas as semanas, mais a frecuencia maioritaria de actualización de contidos é outra diferente a estas, opción escollida por practicamente a metade das empresas (48,6%).

G.42. FRECUENCIA DE ACTUALIZACIÓN DE CONTIDOS


(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

O 13,1% das empresas con páxina web afirma cumprir as normas de accesibilidade, fronte ao 41% que recoñece non cumprilas e unha ampla porcentaxe de “Non sabe / Non contesta”, que cun 45,9% se converte na opción maioritaria.

G.43. CUMPRIMENTO DAS NORMAS DE ACCESIBILIDADE




Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web
Fonte: OSIMGA

O castelán é o idioma principal da maioría de páxinas web das empresas consultadas (84,6%), mentres que o 14,9% teñen como idioma principal da súa web o galego.

G.44. IDIOMA PRINCIPAL DOS CONTIDOS DA PÁXINA

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

Segundo a condición xurídica existen significativas diferenzas entre as sociedades e outras formas xurídicas e as persoas físicas. No caso das persoas físicas, practicamente un cuarto (23%) utiliza o galego como idioma principal dos contidos da súa páxina, fronte ao 9,5% das sociedades e outras formas xurídicas.

C.43. IDIOMA PRINCIPAL DOS CONTIDOS DA PÁXINA SEGUNDO A CONDICIÓX XURÍDICA


Idioma principal dos contidos da páxina	CONDICIÓX XURÍDICA (%)		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Galego	23,0	9,5	14,9
Castelán	76,5	90,0	84,6
NS / NC	0,5	0,5	0,5
N	58	86	144

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web
Fonte: OSIMGA

Seguindo co tema lingüístico, o 78% das empresas con páxina web dispoñen dos seus contidos en castelán. O galego, con apenas o 19,2% sitúase como segundo idioma en canto á dispoñibilidade nas páxinas web, seguido do inglés, que acada un 13,8%.

G.45. IDIOMAS DISPOÑIBLES DOS CONTIDOS DA PÁXINA

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web)




Fonte: OSIMGA

O 41,7% das empresas con web contrata externamente a elaboración de contidos, e nun 34,5% dos casos é o persoal da empresa o encargado desta tarefa. A mesma tendencia obsérvase no que se refire ao mantemento, que se encarga a servizos contratados externamente nun 45,3% dos casos, e a persoal propio nun 31,7%. Así mesmo, un 17,5% das empresas que teñen páxina web non teñen servizo de mantemento para a mesma.

G.46. ELABORACIÓN DE CONTIDOS


(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

G.47. MANTEMENTO DE CONTIDOS

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

En relación aos contidos, produtos e servizos dispoñibles a través das páxinas web das microempresas, destaca a presentación da empresa e os seus produtos, dispoñible nun 89,6% dos casos. A unha distancia considerable sitúase o acceso aos catálogos de produtos e listas de prezos (42,1%). Outros contidos como a declaración de política de intimidade ou a realización de pedidos ou reservas en liña, están dispoñibles no 21,8% e 20% das microempresas con web, respectivamente.

C.44. CONTIDOS, PRODUTOS OU SERVIZOS DISPOÑIBLES A TRAVÉS DA PÁXINA WEB


CONTIDOS, PRODUTOS OU SERVIZOS DISPOÑIBLES A TRAVÉS DA PÁXINA WEB	SI (%)	NON (%)	NS / NC (%)
Presentación da empresa e os seus produtos	89,6	4,1	6,2
Facilidade de acceso a catálogos de produtos e listas de prezos	42,1	50,5	7,5
Personalización do site para clientes habituais	7,1	81,4	11,5
Declaración de política de intimidade, salvagarda da privacidade ou certificación	21,8	62,5	15,6
Realización de pedidos ou reservas en liña	20,0	72,9	7,1
Seguimiento en liña de pedidos	9,4	82,4	8,1
Personalización da páxina web para usuarios habituais	5,4	84,0	10,5
Anuncios de ofertas de traballo ou recepción de solicitudes de traballo en liña	6,7	84,1	9,2

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web
Fonte: OSIMGA

O 72,4% das empresas con páxina web valoran como positiva ou moi positiva a súa presenza na Rede, fronte a un 3% que a encontra negativa ou moi negativa e un 15,3% que non se define.

G.48. VALORACIÓN DA PRESENZA EN INTERNET E DO USO DE CONTIDOS TELEMÁTICOS

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

I.4.1 En síntese

- Un 27,4% das microempresas galegas con acceso a Internet, dispoñen de páxina web cun incremento de 5,5 puntos porcentuais con respecto ao ano 2009. Do 64,6% que non contan con este servizo, un 28% indica como motivo principal a ausencia de demanda dos contidos da empresa e un 27,5% indica a falta de recursos ou a existencia doutras prioridades. Así mesmo, o 32,4% considera que sería beneficioso dispoñer de páxina web a medio prazo.
- A dispoñibilidade de páxinas web é tamén maior para as sociedades e outras formas xurídicas (30,9%) que para as persoas físicas (23,4%).
- A proporción de empresas con páxina web que ten dominio propio é do 86,7%.
- O 41% das microempresas galegas con web reconece non cumprir as normas de accesibilidade.
- O 18,2% das microempresas que posúen páxina web actualiza os seus contidos mensualmente.
- O idioma principal dos contidos das páxinas web das microempresas é o castelán, nun 84,6% das microempresas, aínda que o galego e o inglés tamén están presentes (19,2% e 13,8% respectivamente), sendo minoritarios o resto dos idiomas.
- No referido á elaboración de contidos e ao mantemento dos mesmos, recórrase maioritariamente a empresas externas (41,7% e 45,3% respectivamente).
- As empresas empregan a páxina web principalmente para presentar a empresa (89,6%) e para facilitar o acceso aos catálogos de produtos e listas de prezos (42,1%), entre outros fins.
- Un 72,4% das microempresas con presenza en Internet valora dita presenza como positiva ou moi positiva, e menos dun 3% a valoran como negativa ou moi negativa.


I.5. USOS E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

Neste quinto capítulo vanse estudar aspectos referidos aos usos e ao desenvolvemento tecnolóxico nas empresas galegas de entre 0 e 9 traballadores / as, tales como a dispoñibilidade de persoal propio dedicado ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), a dispoñibilidade de persoal dedicado a actividades informáticas con titulación relacionada coas TIC, ou os problemas para contratar a novo persoal con coñecementos nesta materia.

- o Só un 2,7% das microempresas galegas dispón de persoal propio dedicado ás TIC, dos que o 78,4% son homes e o 21,6% son mulleres.
- o O 42,2% do persoal dedicado a actividades informáticas conta con titulación específica nesta materia.
- o Tan só un 3,7% das microempresas galegas atopouse con dificultades á hora de contratar persoal con coñecementos en TIC.
- o O servizo TIC máis contratado é o mantemento de aplicacións.

A porcentaxe de microempresas que dispón de persoal propio dedicado ás TIC é dun 2,7% e un 5,03% do volume anual de negocio das microempresas dedícase ás TIC..

G.49. DISPOÑIBILIDADE DE PERSOAL PROPIO DEDICADO AS TIC



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Nas empresas con persoal propio dedicado ás TIC, o número medio de persoas asignadas a estas actividades é dun 1,65 dos que apenas o 21,6% son mulleres, o que amosa unha importante fenda de xénero.

C.45. PERSOAL DEDICADO ÁS TIC

	NÚMERO MEDIO DE TRABALLADORES/AS		Total
	Homes	Mulleres	
Persoal dedicado ás TIC	1,28	0,37	1,65

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen persoal propio dedicado ás TIC
Fonte: OSIMGA


C.46. % PERSOAL DEDICADO ÁS TIC

	% DE TRABALLADORES/AS		Total
	Homes	Mulleres	
Persoal dedicado ás TIC	78,4	21,6	100,0

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen persoal propio dedicado ás TIC
Fonte: OSIMGA

Tal e como mostra o gráfico G.50., dentro das empresas con persoal propio dedicado ás TIC, o 42,2% afirma que o seu persoal conta con titulación relacionada coa informática.


G.50. PERSOAL DEDICADO A ACTIVIDADES INFORMÁTICAS CON TITULACIÓN NESTA MATERIA



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen persoal propio dedicado ás TIC
Fonte: OSIMGA

En canto ás dificultades que poidan atopar as microempresas á hora de contratar novo persoal con coñecementos en TIC, o 59,7% das microempresas afirma non ter problemas deste tipo, mentres que un 3,7% considera que si, e un amplo 36,6% das microempresas non responde a esta cuestión.

G.51. PROBLEMAS Á HORA DE CONTRATAR NOVO PERSOAL CON COÑECEMENTOS EN TIC




Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen persoal propio dedicado ás TIC
Fonte: OSIMGA

En relación aos servizos contratados relacionados coas TIC, o mantemento de aplicacións é o servizo máis contratado polas microempresas (21%). Tamén o 18,7% ten contratado mantemento de servidores ou redes, e o 13,8%, mantemento de microinformática.

G.52. SERVIZOS CONTRATADOS RELACIONADOS CON TIC

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as)



Fonte: OSIMGA

I.5.1. En síntese

- O 2,7% das microempresas galegas dispón de persoal propio dedicado ás TIC.
- Das empresas con persoal dedicado ás TIC, o 78,4% son homes, mentres que só o 21,6% son mulleres.
- O 59,7% das microempresas con persoal TIC non atopou problemas á hora de contratar persoal con coñecementos en TIC.
- Os servizos máis contratados relacionados coas TIC son o mantemento de aplicacións, cun 21%, e o mantemento de servidores ou redes cun 18,7%.


I.6. COMERCIO ELECTRÓNICO

Neste capítulo, referido ao comercio electrónico, preséntanse os resultados da enquisa para cuestións relacionadas coa realización de compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico no ano 2010, a distribución xeográfica das compras realizadas a través do comercio electrónico ou os problemas para realizar pedidos ou reservas a través da Rede. A continuación, analizaranse as mesmas cuestións en canto á vendas mediante o comercio electrónico, para rematar amosando a valoración das empresas no que se refire á venda a través de Internet.

- o Un 19,4% das microempresas realizou compras a través do comercio electrónico no ano 2010, cun crecemento de 8,5 puntos porcentuais con respecto ao ano 2009.
- o As empresas que non realizaron compras a través de Internet indican como motivo principal a preferencia pola relación tradicional co provedor.
- o Un 8,3% das microempresas galegas realizaron vendas a través de Internet no ano 2010.
- o A razón principal pola que as microempresas deciden realizan vendas a través de Internet é a expansión xeográfica.
- o O 70% das microempresas que venderon a través de Internet valoración como positiva ou moi positiva.

O 19,4% das microempresas realizou compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico no ano 2010, fronte ao 71,7% que non o fixo.

G.53. COMPRAS DE BENS OU SERVIZOS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2010



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

As microempresas dedicadas a actividades relacionadas cos Servizos realizaron compras en maior medida, cunha porcentaxe do 22,6%. Construción e Industria sitúanse en valores por baixo da media neste aspecto, con porcentaxes do 13,4% e o 10,2%, respectivamente.

C.47. COMPRAS OU SERVIZOS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2010 SEGUNDO A ACTIVIDADE

Compras de bens mediante comercio electrónico	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Sí	10,2	13,4	22,6	19,4
Non	80,5	69,8	71,2	71,7
NS/NC	9,3	16,9	6,1	8,9
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Tamén a condición xurídica das empresas inflúe neste indicador, e mentres que o 14,8% das persoas físicas recoñeceu ter realizado no ano 2010 compras a través da Rede, no caso das sociedades e outras formas xurídicas a porcentaxe ascende ata un 25,4%.

C.48. COMPRAS DE BENS OU SERVIZOS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2010 SEGUNDO A CONDICIÓ XURÍDICA

Compras de bens ou servizos mediante comercio electrónico	CONDICIÓ XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Si	14,8	25,4	19,4
Non	74,6	67,8	71,7
NS/NC	10,6	6,8	8,9
N	467	358	825


Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

As compras a través do comercio electrónico experimentaron un crecemento de 8,5 puntos porcentuais no último ano.

G.54. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que compraron a través de Internet no ano 2010

(% empresas de 0 a 9 traballadores / as)




Fonte: OSIMGA-INE

En canto ás microempresas que no ano 2010 non mercaron a través da Rede, a maioría (51,1%)

sinala como motivo principal para non facelo a preferenza da relación tradicional co proveedor. A falta de necesidade, cun 32,4%, é o segundo motivo aducido polas empresas para non mercar a través de Internet. Outros motivos como a preocupación pola seguridade ou a privacidade, ou carecer de coñecementos para facelo, amosan porcentaxes por baixo do 10%.

G.55. MOTIVOS PARA NON MERCAR A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2010

(% empresas de 0 a 9 traballadores que non realizaron compras a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

Peso medio das compras a través de comercio electrónico sobre o total de compras das microempresas que mercan a través da Rede (excluído o IVE): 22,1%

Entres as microempresas que mercan a través de Internet:

- ☐ O 25% fai ata un 5% de compras a través de comercio electrónico
- ☐ O 25% fai de 5 a un 10% de compras a través de comercio electrónico
- ☐ O 25% fai de 10 a un 30% de compras a través de comercio electrónico
- ☐ O 25% fai un 30% ou máis de compras a través de comercio electrónico

A maioría das compras (43,4%) realizadas a través de Internet polas microempresas fixéronse dentro da Comunidade ou no resto de España (42,9%), e apenas o 13,7% foron realizadas no resto da Unión Europea e no resto do mundo.


C.49. DESGLOSE DE COMPRAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO

% de distribución xeográfica das compras realizadas a través do comercio electrónico			
Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
43,4	42,9	11,0	2,7

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que compraron a través do comercio electrónico no ano 2010
Fonte: OSIMGA

O 81,5% das microempresas que realizaron compras a través de Internet, non tivo problemas á hora de facelo, fronte a un 5,6% que si atopou dificultades.


G.56. TIVERON PROBLEMAS AÓ REALIZAR COMPRAS A TRAVÉS DE INTERNET



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que realizaron compras a través de Internet
Fonte: OSIMGA

A porcentaxe das vendas a través de Internet é máis baixa que a de compras, e só un 8,3% das empresas de entre 0 e 9 traballadoras e traballadores recoñeceu ter recibido pedidos ou reservas de bens ou servizos a través do comercio electrónico.


G.57. VENDAS DE BENS OU SERVIZOS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2010



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

G.58. MOTIVOS PARA NON VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2010

(% empresas de 0 a 9 traballadores que non venderon a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

Case a metade das microempresas galegas que non venden a través de Internet argumentan que os seus produtos ou servizos non son axeitados para a venda por este medio. O resto de motivos sitúanse por baixo do 11%.

Do 8,3% de microempresas que realizou vendas a través de Internet no ano 2010, a maioría (40,4%) afirmou facelo pola posibilidade de expandir xeograficamente o seu mercado, practicamente un terzo (32,7%) para captar nova clientela, e un 25,8% como forma de lanzar novos produtos ou servizos. A redución dos custos do negocio, nomeada por un 16,8% das microempresas, é a opción que menos parece influír na venda a través da Rede.

G.59. MOTIVOS PARA VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2010

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que venderon a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

Peso medio das vendas a través de comercio electrónico sobre o total de vendas das microempresas que venden a través de Internet (excluído o IVE): 24,8%

Entre as microempresas que venden a través de Internet:

- ☐ O 25% fai ata un 5% de vendas a través de comercio electrónico
- ☐ O 25% fai de 5 a un 10% de vendas a través de comercio electrónico
- ☐ O 25% fai de 10 a un 40% de vendas a través de comercio electrónico
- ☐ O 25% fai un 40% ou máis de vendas a través de comercio electrónico

A maior parte das vendas a través do comercio electrónico fixéronse dentro de Galicia (64,8%), seguidas das que se realizaron a outros lugares de España (31,7%). As porcentaxes de vendas ao resto da Unión Europea e ao resto do mundo son minoritarias, con porcentaxes do 2,5% e o 1%, respectivamente.

C.50. DESGLOSE DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO

% de distribución xeográfica das vendas realizadas a través do comercio electrónico			
Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
64,8	31,7	2,5	1,0

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que venderon a través do comercio electrónico no ano 2010
Fonte: OSIMGA

Segundo o tipo de cliente, as vendas das microempresas a través de Internet realizáronse maioritariamente a outras empresas e a fogares.

C.51. DESGLOSE DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO POR TIPO DE CLIENTE


% de clientes das vendas realizadas a través do comercio electrónico		
Outras empresas (B2B)	Administracións Públicas (B2G)	Fogares (B2C)
43,1	1,7	55,2

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que venderon a través do comercio electrónico no ano 2010
Fonte: OSIMGA

O 70% das microempresas que realizaron vendas a través de Internet valoran como positiva ou moi positiva a súa experiencia, e só un 0,7% consideran que foi negativa. O 16,2% non a define nin como positiva nin como negativa.

G.60. VALORACIÓN DA VENDA POR INTERNET

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que venderon por Internet)



Fonte: OSIMGA

I.6.1. En síntese

- Un 19,4% das microempresas realizou compras a través do comercio electrónico no ano 2010, cun crecemento de 8,5 puntos con respecto ao ano 2009.
- Das empresas que realizaron compras a través do comercio electrónico no ano 2010, o 22,6% son empresas dedicadas á prestación de Servizos.
- O 14,8% das persoas físicas realizou compras a través da Rede e no caso das sociedades e outras formas xurídicas a porcentaxe ascende ata un 25,4%.
- O peso medio das compras a través de comercio electrónico sobre o total de compras das microempresas que mercan a través da Rede é do 22,1%
- Os motivos principais polos que as empresas non mercaron a través da Rede no ano 2010, son a preferencia da relación tradicional co provedor (51,1%) e o non xuzgalo necesario (32,4%).
- Un 8,3% das microempresas galegas venderon a través de Internet no ano 2010.
- Case a metade das microempresas galegas que non venden a través de Internet argumentan que os seus produtos ou servizos non son axeitados para a venda por este medio. O resto de motivos sitúanse por baixo do 11%.
- As empresas que venderon a través da Rede, sinalan como motivos principais a expansión xeográfica do mercado (40,4%) e a captación de novos clientes (32,7%).
- O peso medio das vendas a través de comercio electrónico sobre o total de vendas das microempresas que venden a través de Internet é do 24,8%
- A maior parte das vendas a través do comercio electrónico tiveron a Galicia como destino xeográfico (64,8%).
- O 70% das empresas que venden por Internet, fan unha valoración positiva ou moi positiva da venda, mentres que tan só un 0,7% a define como negativa.


I.7. FORMACIÓN

Neste capítulo analízase a formación das e dos traballadores da empresa en Tecnoloxías da Información e a Comunicaci3ns (TIC) durante o ano 2010 e o emprego de ferramentas informáticas para levar a cabo estas actividades formativas. A continuaci3n desgl3sase a tipoloxía de formaci3n recibida, para rematar cos datos da valoraci3n da capacidade da empresa en desenvolvemento de actividades formativas en TIC.

- o O 10,5% das microempresas galegas xa emprega ferramentas informáticas e electr3nicas para a formaci3n.
- o O 7,9% das microempresas ofrece formaci3n en TIC aos seus traballadores e traballadoras.
- o Entre as microempresas que facilitaron formaci3n TIC, un 22,5% proporcionaron formaci3n en Software Libre ao persoal encargado das actividades informáticas e un 16,7% ao resto de persoal.

Un 10,5% das microempresas galegas emprega ferramentas informáticas e electr3nicas para a formaci3n dos seus traballadores / as.

G.61. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS E ELECTR3NICAS PARA A FORMACI3N



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Por actividade, as empresas que en maior medida empregan ferramentas informáticas e electrónicas para a formación son as do sector Servizos (11,8%), seguidas das de Industria e Construción por esa orde, ambas con porcentaxes por debaixo do valor medio (9,5% e 7,1% respectivamente).

C.52. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS E ELECTRÓNICAS PARA A FORMACIÓN SEGUNDO A ACTIVIDADE

Emprego de ferramentas informáticas e electrónicas para a formación	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Sí	9,5	7,1	11,8	10,5
Non	84,6	81,9	77,6	79,2
NS/NC	5,9	11,0	10,5	10,3
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Atendendo á condición xurídica, as sociedades e outras formas xurídicas volven destacar sobre as persoas físicas, esta vez cunha diferenza de 7,2 puntos porcentuais, o que supón que as primeiras practicamente duplican ás segundas no emprego de ferramentas informáticas e electrónicas para a formación.


C.53. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS E ELECTRÓNICAS PARA A FORMACIÓN SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Emprego de ferramentas informáticas e electrónicas para a formación	CONDICIÓN XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Sí	7,4	14,6	10,5
Non	80,8	77,2	79,2
NS/NC	11,9	8,1	10,3
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Con respecto á formación en TIC, o 7,9% das microempresas facilitaron aos seus traballadores / as formación nesta materia no ano 2010, superando a media estatal en 3,9 puntos.

G.62. EMPRESAS QUE FACILITARON FORMACIÓN TIC AOS SEUS TRABALLADORES / AS




Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

G.63. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que proporcionaron actividades TIC aos seus empregados / as

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores /as)



Fonte: OSIMGA-INE

As empresas dedicadas a actividades relacionadas co sector Servizos son as que en maior medida proporcionaron formación en TIC ao seu persoal (10%), porcentaxe que se reduce á metade para as empresas do sector Industrial (5,1%), e que cae ata o 2,8% nas empresas da Construción.

C.54. EMPRESAS QUE FACILITARON FORMACIÓN TIC AOS SEUS TRABALLADORES / AS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Empresas que facilitaron formación TIC aos seus traballadores / as	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Sí	5,1	2,8	10,0	7,9
Non	88,8	81,2	74,8	77,5
NS/NC	6,1	16,0	15,3	14,7
N	71	194	560	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

A condición xurídica da empresa repercute tamén na formación en TIC, presentando as sociedades e outras formas xurídicas unha porcentaxe máis elevada que as persoas físicas no que se refire a este indicador. A diferenza sitúase neste caso en 3,4 puntos porcentuais.

C.55. EMPRESAS QUE FACILITARON FORMACIÓN TIC AOS SEUS TRABALLADORES / AS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Empresas que facilitaron formación TIC aos seus traballadores / as	CONDICIÓN XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Sí	6,4	9,8	7,9
Non	77,2	77,9	77,5
NS/NC	16,4	12,3	14,7
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Considerando as microempresas que facilitaron formación TIC, o 76,8% dos seus traballadores / as asistiron a actividades formativas nesta área. Destes empregados / as, o 58,3% desenvolve funcións TIC na empresa mentres que o 41,7% dedícanse a outras tarefas.

C.56. DESGLOSE DE TRABALLADORES / AS QUE RECIBIRON FORMACIÓN TIC


% de traballadores / as que recibiron formación TIC		
Desenvolven funcións TIC	Non desenvolven funcións TIC	Total de traballadores / as que recibiron formación en TIC
58,3	41,7	76,8

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que facilitaron formación en TIC no ano 2010
 Fonte: OSIMGA

En canto á tipoloxía de formación TIC recibida, predomina a formación en software propietario, cunha porcentaxe máis alta no caso do persoal que non se encarga de actividades informáticas. A formación en Software Libre é recibida maioritariamente polo persoal informático.

G.64. TIPOLOXÍA DE FORMACIÓN RECIBIDA POLOS TRABALLADORES / AS


(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que facilitaron formación en TIC no ano 2010)



Fonte: OSIMGA

Tan só un 13,3% das microempresas considéranse capacitadas para levar a cabo por si mesmas accións formativas en TIC.

G.65. VALORACIÓN DA CAPACIDADE DA EMPRESA EN DESENVOLVEMENTO DE FORMACIÓN EN TIC



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

I.7.1. En síntese

- O 10,5% das empresas de menos de 10 traballadores/as xa emprega ferramentas informáticas e electrónicas para a formación. As sociedades e outras formas xurídicas elevan esta porcentaxe ata o 14,6%.
- O 7,9% das microempresas facilitaron formación TIC ao seu persoal o ano 2010. As relacionadas coa prestación de Servizos son as que en maior medida proporcionan este tipo de formación (10%).
- Entre as microempresas que facilitaron formación TIC, un 22,5% proporcionaron formación en Software Libre ao persoal encargado das actividades informáticas e un 16,7% ao resto de persoal.
- O 13,3% das microempresas considéranse capacitadas para levar a cabo por si mesmas accións formativas en TIC.


I.8. AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TIC

O último capítulo deste diagnóstico das microempresas galegas aborda o tema das axudas para o desenvolvemento das TIC, presentando datos referentes á valoración do aproveitamento das vantaxes das TIC por parte das empresas enquisadas e as liñas que consideran útiles para facilitar a incorporación destas tecnoloxías. A continuación preséntase unha análise sobre a recepción das axudas, rematando cos datos da finalidade das mesmas.

- o Un 20,5% das microempresas galegas considera que aproveita as vantaxes das TIC.
- o O apoio económico é a principal liña de apoio para a incorporación das TIC sinalada, cunha porcentaxe do 41,1%.
- o O 4% das microempresas afirman que recibiron axudas nos últimos 3 anos.
- o O 70,8% das axudas foron destinadas ao investimento en equipos e/ou redes.

O 20,5% das microempresas galegas considera que aproveitan as vantaxes que lles proporcionan as TIC, mentres que preto da metade opina que non (48,6%), e unha porcentaxe tamén elevada non responde a esta cuestión (30,9%).

G.66. VALORACIÓN DO APROVEITAMENTO DAS VANTAXES EN TIC



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Segundo a condición xurídica, o 29,8% das sociedades e outras formas xurídicas considera que aproveita as vantaxes en TIC, máis do dobre que as persoas físicas.

C.57. VALORACIÓN DO APROVEITAMENTO DAS VANTAXES EN TIC SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA


Valoración do aproveitamento das vantaxes en TIC	CONDICIÓN XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Sí	13,4	29,8	20,5
Non	51,4	44,9	48,6
NS/NC	35,2	25,3	30,9
Total	100	100	100
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

As microempresas sinalan o apoio económico como principal liña de apoio útil para facilitar a incorporación das TIC ás empresas (41,1%), seguida da formación (31,3%), a asesoría sobre solucións existentes (20,9%) e a asesoría na planificación (17,1%).

G.67. LIÑAS DE APOIO ÚTILES PARA FACILITAR A INCORPORACIÓN DE TIC ÁS EMPRESAS

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as)



Fonte: OSIMGA

Atendendo á condición xurídica, podemos falar dunha distribución similar nas liñas sinaladas polas persoas físicas e as sociedades e outras formas xurídicas: apoio económico como opción máis nomeada, seguida de formación.


C.58. LIÑAS DE APOIO ÚTILES PARA FACILITAR A INCORPORACIÓN DE TIC ÁS EMPRESAS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

Liñas de apoio para facilitar a incorporación de TIC % de resposta múltiple	CONDICIÓN XURÍDICA		Total
	Persoas Físicas	Sociedades e Outras Formas Xurídicas	
Apoio económico	36,0	47,8	41,1
Asesoría na planificación	15,9	18,8	17,1
Asesoría sobre as solucións existentes	15,3	28,2	20,9
Formación	27,4	36,5	31,3
Divulgación de boas prácticas	5,7	8,2	6,8
Dispoñibilidade dun catálogo de provedores	5,2	6,4	5,7
Outros	2,0	1,0	1,5
NS /NC	51,4	34,0	43,8
N	467	358	825

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Tan só un 4% das microempresas recibiu axudas para a incorporación das TIC nos últimos tres anos.

G.68. RECEPCIÓN DE AXUDAS PARA INCORPORACIÓN DE TIC NOS ÚLTIMOS TRES ANOS



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Do 4% de empresas que recibiu axudas, o 70,8% as investiu en equipos ou redes, sendo esta a finalidade principal das axudas para a incorporación das TIC nas microempresas. O investimento en software sitúase en segundo lugar, cun 23,4%, mentres que o resto de opcións referentes ás finalidades amosan valores por baixo do 10%.

C.59. FINALIDADE DE RECEPCIÓN DE AXUDAS PARA INCORPORAR TIC

FINALIDADE DAS AXUDAS	Si	Non	Ns/ Nc
Para o investimento en equipo e / ou redes	70,8	28,3	0,8
Para o investimento en software	23,4	70,4	6,2
Para o investimento en presenza en Internet	8,4	83,5	8,2
Para a implantación e certificación de modelos de xestión	5,2	88,6	6,2
Para a contratación de persoal TIC	1,7	92,1	6,2
Para a formación en Tecnoloxías da Información	6,7	87,9	5,3

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que recibiron axudas para incorporar TIC nos últimos tres anos
Fonte: OSIMGA

I.8.1. En síntese

- Un 20,5% das microempresas galegas consideran que tiran proveito das vantaxes das TIC. No caso das sociedade e outras formas xurídicas, o 29,8% ten esta percepción, máis do dobre que as persoas físicas (13,4%).
- O apoio económico (41,1%) e a formación (31,3%) son as liñas de apoio para a incorporación das TIC máis demandadas polas microempresas.
- Tan só un 4% das microempresas enquisadas recoñeceu ter recibido axudas para a incorporación das TIC nos últimos tres anos e o destino principal destas subvencións foi o investimento en equipos e redes.

II. Empresas de 10 e máis empregados/as

II.I DATOS XERAIS DA EMPRESA

Os datos deste capítulo recollen a caracterización básica das empresas de 10 e máis traballadores / as. O primeiro epígrafe analiza aspectos como a actividade, a condición xurídica, a antigüidade fundacional, a orixe do seu capital, e outros referentes aos recursos humanos. Pola súa banda, no epígrafe segundo presentaranse datos relativos á pertenza ou non a un grupo empresarial e aos mercados xeográficos de venda de bens ou servizos.


II.1.1. Actividade, condición xurídica, capital de negocios, traballadores / as

- o O 71,2% das empresas galegas de 10 e máis traballadores / as son Sociedades de Responsabilidade Limitada, o 24,8% son Sociedades Anónimas, o 1,9% Sociedades Cooperativas e o 1,2% persoas físicas.
- o O 85,1% das empresas de 10 e máis traballadores / as defínense como galegas, atendendo ao seu capital de negocios.
- o O persoal masculino das empresas de 10 e máis traballadores / as representa o 67,5% fronte ao 32,5% de mulleres.
- o O 17,7% das empresas de 10 e máis traballadores / as conta con persoas con algún tipo de discapacidade nos seus equipos.

As empresas estudadas clasifícanse en relación á súa actividade principal tal e como expresa a gráfica G69. Cabe salientar que a desagregación dos resultados segundo a actividade económica ofrécese para aqueles sectores que contan con representatividade estatística.

G.69. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)




Fonte: OSIMGA

Atendendo ao tipo de empresas segundo a condición xurídica das mesmas, a maioría das empresas enquisadas son Sociedades de Responsabilidade Limitada (71,2%), seguidas a distancia das Sociedades Anónimas (24,8%). As persoas físicas e as Sociedades Cooperativas mostran valores pouco representativos, entre o un e o dous por cento.

G.70. CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)




Fonte: OSIMGA

As empresas de 10 e máis empregados/as con establecementos en Galicia presentan a seguinte distribución xeográfica segundo a súa sede principal

G.71. PROVINCIA

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)




Fonte: OSIMGA

Máis da metade das empresas teñen de 10 a 19 traballadores / as e preto dun terzo entre 20 e 49 asalariados / as.

G.72. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)




Fonte: OSIMGA

A gran maioría das empresas da mostra (85,1%) defínense como galegas, atendendo ao seu capital de negocios, mentres que tan só un 8,8% se define como estatais e o 3,2% como multinacionais, con establecementos ou sede en Galicia.

G.73. CAPITAL DE NEGOCIOS

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)



Fonte: OSIMGA

Ano medio de constitución da empresa: 1989

- ☐ O 25% constituíronse antes do 1985
- ☐ O 25% constituíronse entre o 1985 e o 1993
- ☐ O 25% constituíronse entre o 1993 e o 1999
- ☐ O 25% constituíronse entre do 1999 en diante

Doutro lado, analizando o número medio de traballadores e traballadoras que compoñen as empresas, atopamos que o número medio de homes é superior ao de mulleres, tanto se traballan por conta allea como por conta propia, aínda que a fenda é maior para os traballadores / as por conta propia. A análise de quen traballa por conta allea pon asimismo de manifesto certa segregación, ocupando os homes de xeito maioritario todos os postos nas empresas, a excepción dos traballos administrativos, ocupados maioritariamente polas mulleres.

En calquera caso, e á vista do número total de traballadores e traballadoras, as empresas están constituídas por equipos maioritariamente masculinizados (o número de homes duplica ao de mulleres) de 38 persoas de media.

C.60. TRABALLADORES/AS

		NÚMERO MEDIO DE TRABALLADORES/AS		Total
		Homes	Mulleres	
POR CONTA ALLEA	Dirección	1,29	0,29	1,59
	Persoal técnico	5,26	2,32	7,8
	Persoal administración	1,48	2,36	3,83
	Outros	15,22	6,47	21,69
	Total	23,41	11,60	35,02
POR CONTA PROPIA	TOTAL	2,45	0,72	3,17
TOTAL		25,75	12,27	38,20

Base: empresas de 10 e máis traballadores / as
Fonte: OSIMGA


C.61. DISTRIBUCION PORCENTUAL DE TRABALLADORES / AS

		% DISTRIBUCIÓN DE TRABALLADORES/AS		Total
		Homes	Mulleres	
POR CONTA ALLEA	Dirección	81,1	18,2	100,0
	Persoal técnico	67,4	29,7	100,0
	Persoal administración	38,6	61,6	100,0
	Outros	70,2	29,8	100,0
	Total	66,8	33,1	100,0
POR CONTA PROPIA	TOTAL	77,3	22,7	100,0
TOTAL		67,5	32,5	100,0

Base: empresas de 10 e máis traballadores / as
Fonte: OSIMGA

Por outra banda, un 17,1% das empresas de 10 e máis empregados /as conta con persoal con algún tipo de discapacidade.

G.74. PRESENZA DE TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE




No 75% das empresas con traballadores / as que teñen algunha discapacidade a media e de 1 persoa.
Nun 25% hai 2 ou máis traballadores / as que posúen algunha discapacidade.

II.1.2. Grupo empresarial, relación matriz, mercados xeográficos

- o O 19,4% das empresas galegas de 10 e máis traballadores / as pertence a un grupo empresarial.
- o O 90,8% das empresas de 10 e máis traballadores /as venden os bens ou servizos no mercado local e o 59,4% no mercado español.

Un 19,4% das empresas de 10 e máis traballadores / as pertence a un grupo empresarial, sendo nestes casos maioritariamente empresas filiais (56,6%), aínda que cómpre tamén destacar as porcentaxes de empresas matrices e asociadas (19,2 e 18,2% respectivamente).


G.75. PERTENZA A GRUPO EMPRESARIAL



Base: empresas de máis de 10 traballadores/as que forman parte de un grupo empresarial
Fonte: OSIMGA

O 90,8% das empresas vende os seus bens e servizos no mercado local ou autonómico e o 59,4% faino no mercado estatal. Os mercados xeográficos de venda veñen condicionados polo tipo de actividade á que se adican as empresas aínda que predomina con carácter xeral o mercado autonómico. O 63,6% das empresas do sector Industrial comercian no mercado estatal, fronte ao 44,7% das empresas que realizan actividades relacionadas coa Construción. Son tamén as empresas do sector da Industria as que mostran unha maior presenza no comercio con outros países da Unión Europea, e de novo as empresas de Construción sitúanse no extremo oposto.

G.76. MERCADOS XEOGRÁFICOS DE VENDA DE BENS E SERVIZOS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES



Fonte: OSIMGA

C.62. MERCADOS XEOGRÁFICOS DE VENDA DE BENS E SERVIZOS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Mercados xeográficos de venda de bens e servizos nos últimos 12 meses	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
% de resposta múltiple				
Mercado local / autonómico	92,3	92,2	88,9	90,8
Mercado español	63,6	44,7	61,9	59,6
Outros países da Unión Europea	40,6	18,4	30,3	31,4
Todos os demais países	21,7	7,8	13,5	14,6
N	143	103	244	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores / as
Fonte: OSIMGA

Por estratos da CNAE, as empresas co CNAE 49-53 (transporte e almacenamento) son as de maior presenza no mercado español, as do CNAE 24-25 (metalurxia e fabricación de produtos metálicos) no mercado da Unión Europea, e as de 26-33 (produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo mecánico, vehículos a motor, material de transporte, mobles, industria manufactureira, reparación de maquinaria e equipos) nos demais países.

C.63. MERCADOS XEOGRÁFICOS DE VENDA DE BENS E SERVIZOS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O CNAE

Mercados xeográficos de venda de bens e servizos nos últimos 12 meses % de resposta múltiple	CNAE									Total
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Mercado local / autónómico	91,3	95,3	95,6	93,9	94,0	90,2	89,0	92,7	86,9	92,3
Mercado español	65,2	57,4	63,0	72,6	45,1	57,5	83,7	50,4	67,9	60,4
Outros países da Unión Europea	37,3	28,4	50,7	50,2	18,6	31,4	43,2	17,1	18,2	32,0
Todos os demais países	19,0	16,7	26,0	29,0	8,4	14,8	12,1	6,4	4,6	14,9
N	51	19	32	31	103	128	39	31	23	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

II.1.3. En síntese

- O 71,2% das empresas de 10 e máis traballadores /as son Sociedades de Responsabilidade Limitada e o 24,8% son Sociedades Anónimas. As demais formas xurídicas están minimamente representadas neste segmento empresarial.
- O ano medio de constitución das empresas é 1989.
- Atendendo ao seu capital de negocios, o 85,1% defínense como galegas, un 8,8% defínense como estatais e o 3,2% como multinacionais, con establecementos ou sede en Galicia.
- Unha análise dende o punto de vista dos recursos humanos revela que as empresas galegas de 10 e máis empregados / as están formadas por unha media de 38 persoas, a porcentaxe de homes (67,5%) duplica á de mulleres (32,5%) e as mulleres só son maioría nas tarefas administrativas.
- O 17,7% das empresas de 10 e máis empregados / as ten persoal con algún tipo de discapacidade.
- Un 19,4% pertence a un grupo empresarial, sendo nestes casos maioritariamente empresas filiais (56,6%).
- O 90,8% das empresas de 10 e máis empregados / as vende os seus bens e servizos no mercado local ou autonómico e o 59,4% faino no mercado español. Obsérvase que os mercados xeográficos de venda están condicionados polo tipo de actividade á que se dedican as empresas.

II.2. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC

Este capítulo aborda o equipamento tecnolóxico e o acceso a servizos da Sociedade da Información. O primeiro epígrafe céntrase nos equipamentos das empresas de 10 e máis empregados / as, en relación coas principais variables de clasificación, mentres que o segundo indaga en diversos aspectos relacionados co uso das tecnoloxías.


II.2.1. Equipamentos relacionados con TIC

- o O 99,6% das empresas galegas de 10 e máis empregados / as dispoñen de ordenador e o 93,7% de teléfono móbil para uso empresarial.
- o Os servidores e as redes de área local (LAN) rondan o 80%.
- o O equipamento tecnolóxico das empresas é máis alto no sector Servizos e aumenta conforme o fai o número de empregados / as. O sector da Construción é o menos equipado tecnolóxicamente.

Os equipamentos por excelencia relacionados coas tecnoloxías da información son o ordenador e a telefonía móbil para uso empresarial. A práctica totalidade das empresas de 10 e máis empregados / as (99,6%) dispón de ordenador e o 93,7%, de telefonía móbil para uso empresarial. Importante é tamén a presenza de servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos, e das redes de área local (LAN), con porcentaxes que rondan o 80%. Tal e como mostra o gráfico 77, menos da metade das empresas enquisadas dispón dunha rede de área local sen fíos (40,2%), e porcentaxes aínda inferiores corresponden á intranet corporativa, á extranet, ao sistema operativo de código libre e á videoconferencia.

G.77. EQUIPAMENTOS EN TIC

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)



Fonte: OSIMGA

A actividade principal da empresa parece gardar relación co equipamento tecnolóxico da mesma, e así, as empresas do sector Servizos son as máis equipadas, seguidas das do sector Industria. As empresas do sector da Construción presentan unha menor equipación en tecnoloxías.

Se atendermos á provincia, atopamos diferenzas significativas na dispoñibilidade dun sistema operativo de código aberto e dunha rede local sen fíos, na que destacan as empresas coruñesas, e en outros equipamentos como son o Intranet corporativo, a extranet e a videoconferencia, nos que os valores máis altos corresponden a empresas que non teñen a súa sede principal en Galicia. As empresas situadas en Ourense son as que dispoñen, en xeral, de menos equipamento relacionado coas TIC.

C.64. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Ordenador	99,3	100	99,5	99,6
Sistema operativo de código aberto	14,1	9,6	19,5	16,4
Rede de área local	78,8	69,7	80,4	78,2
Rede de área local sen fíos	41,6	27,7	43,9	40,2
Servidores para bases de datos	79,3	71,0	82,4	79,2
Intranet corporativo	33,4	22,3	38,1	34,5
Extranet	14,6	13,6	22,3	19,1
Videoconferencia	12,1	11,2	11,0	12,1
Telefonía móbil para uso empresarial	94,7	94,3	93,3	93,7
N	143	103	244	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

C.65. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A PROVINCIA

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	PROVINCIA					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Ordenador	99,4	100,0	100,0	99,3	100,0	99,6
Sistema operativo de código aberto	20,2	16,7	8,2	15,7	3,7	16,4
Rede de área local	79,8	76,4	70,2	80,2	76,3	78,2
Rede de área local sen fíos	44,8	43,7	25,6	38,3	44,6	40,2
Servidores para bases de datos	81,1	85,1	72,3	78,1	71,6	79,2
Intranet corporativo	32,7	38,9	28,1	33,2	85,9	34,5
Extranet	21,8	18,5	8,3	19,4	25,3	19,1
Videoconferencia	13,1	6,5	11,0	12,0	25,3	12,1
Telefonía móbil para uso empresarial	91,9	97,0	91,0	95,8	100,0	93,7
N	216	57	64	148	14	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2010. Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia

En liñas xerais, o tamaño crecente das empresas fai medrar o peso das diferentes dotacións tecnolóxicas, que están máis presentes ademais en empresas con CNAE 26-33 (produtos informáticos, electrónicos e ópticos; material e equipo mecánico; vehículos a motor; material de transporte , entre outros) e 69-74 (actividades profesionais, científicas e técnicas).

C.66. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	Nº EMPREGADOS/AS					Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	De 250 ou máis	
Ordenador	99,2	100,0	100,0	100,0	100,0	99,6
Sistema operativo de código aberto	9,5	16,1	32,3	58,0	53,6	16,4
Rede de área local	70,9	82,1	94,7	100,0	89,3	78,2
Rede de área local sen fíos	30,9	45,8	60,8	63,0	64,3	40,2
Servidores para bases de datos	71,2	85,3	91,2	100,0	100,0	79,2
Intranet corporativo	25,7	36,7	57,2	65,2	75,0	34,5
Extranet	11,7	24,1	23,5	53,3	39,3	19,1
Videoconferencia	6,9	14,0	18,2	28,3	69,6	12,1
Telefonía móbil para uso empresarial	92,2	94,3	96,5	100,0	100,0	93,7
N	265	162	43	22	8	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as

Fonte: OSIMGA

C.67. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO O CNAE

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	CNAE									Total
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Ordenador	98,1	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	94,9	99,6
Sistema operativo de código aberto	10,1	16,4	10,0	18,8	9,6	18,9	17,0	15,5	21,4	16,4
Rede de área local	71,0	68,2	87,9	82,3	69,7	78,7	76,5	89,1	76,4	78,2
Rede de área local sen fíos	35,7	26,5	39,0	53,5	27,7	49,8	28,4	48,2	35,5	40,2
Servidores para bases de datos	73,5	75,1	82,0	82,1	71,0	83,3	73,8	89,6	77,7	79,2
Intranet corporativo	27,6	27,6	25,6	44,6	22,3	38,7	37,4	37,3	29,7	34,5
Extranet	11,8	9,2	13,4	23,3	13,6	22,2	19,3	23,1	15,4	19,1
Videoconferencia	10,1	9,2	13,1	14,9	11,2	9,2	9,4	19,3	9,5	12,1
Telefonía móbil para uso empresarial	94,4	95,3	100,0	87,8	94,3	90,9	97,0	96,2	100,0	93,7
N	51	19	32	31	103	128	39	31	23	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

II.2.2. Utilización das TIC

- o O 51,4% dos traballadores / as das empresas galegas de 10 e máis asalariados / as emprega o ordenador para o desempeño do seu traballo.
- o O 27,4% das empresas de 10 e máis traballadores / as contan con sistemas TIC para o teletraballo.
- o A ferramenta informática máis usada é a xestión contable e financeira, empregada por un 87,8% das empresas de 10 e máis empregados / as.
- o O 55,9% das empresas galegas de 10 e máis empregados / as intercambia datos de xeito automatizado. Destas empresas, un 54,5% recibe facturas electrónicas e un 33,6% envíaas.
- o Un 23% das empresas galegas de 10 e máis empregados / as comparte información electronicamente con provedores e clientes, cun incremento de máis de nove puntos porcentuais con respecto a comezos do ano 2009.
- o En relación á integración da información electrónica dentro da empresa, destaca a área de contabilidade.
- o O 26,5% das empresas de 10 e máis empregados / as dispón de ERP e o 16,2% de CRM.

Nas empresas que dispoñen de ordenador, este é utilizado por pouco máis da metade dos empregados / as, aínda que con diferenzas relevantes segundo a actividade principal da empresa. Nas empresas do sector Servizos, o 63,8% das e dos traballadores empregan o ordenador cando menos unha vez á semana, para o desempeño do seu traballo, mentres que nas empresas relacionadas coa Construción tan só o utilizan o 33,8%.


C.68. PROPORCIÓN DE TRABALLADORES/AS QUE EMPREGAN ORDENADOR

% de traballadores/as que emprega ordenador	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
% de Media	39,2	33,8	63,8	51,4
N	139	101	241	490

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as con ordenador
Fonte: OSIMGA

No que respecta ao acceso a sistemas TIC mediante redes telemáticas externas, un 27,4% das empresas de 10 e máis traballadores / as acceden deste xeito é dicir, teletraballan, unha vez máis con diferenzas en función da actividade, que sitúan ás empresas do sector Servizos en primeiro lugar, seguidas das de Industria e Construción, por esa orde.

G.78. EMPRESAS CON TRABALLADORES / AS QUE TELETRABALLAN



Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

C.69. EMPRESAS CON TRABALLADORES / AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO A ACTIVIDADE

Traballadores/as que teletraballan	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Sí	25,2	16,5	32,0	27,4
Non	63,6	65,0	54,5	58,2
NS / NC	11,2	18,4	13,5	14,4
N	143	103	244	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

A porcentaxe de traballadoras e traballadores que teletraballan é maior conforme aumenta o tamaño da empresa, e para as empresas que se clasifican no estrato da CNAE 69-74 (actividades profesionais, científicas e técnicas) e 45-47 (venta e reparación de vehículos de motor e comercio).

C.70. EMPRESAS CON TRABALLADORES / AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Traballadores/as que teletraballan	Nº EMPREGADOS/AS (%)					Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	De 250 ou máis	
Sí	21,8	25,9	46,5	54,5	62,5	27,4
Non	63,9	57,4	44,2	31,8	25,0	58,2
NS / NC	14,3	16,7	9,3	13,6	12,5	14,4
N	265	162	43	22	8	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

C.71. EMPRESAS CON TRABALLADORES / AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO O CNAE

Traballadores/as que teletraballan	CNAE (%)									Total
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Sí	23,1	30,0	25,0	15,6	16,5	34,4	17,9	41,9	26,1	27,4
Non	65,4	60,0	59,4	75,0	65,0	50,8	66,7	51,6	73,9	58,2
NS / NC	11,5	10,0	15,6	9,4	18,4	14,8	15,4	6,5	0,0	14,4
N	51	19	32	31	103	128	39	31	23	500


Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA
Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

O lugar prioritario de acceso a sistemas TIC da empresa é dende a casa (65,6%). Os hoteis e aeroportos durante as viaxes de negocios sitúanse como segunda opción (53,7%) e, a continuación, outras localizacións da súa empresa ou grupo empresarial e instalacións de clientes ou empresas asociadas (36,1% e 25,9%, respectivamente).

Segundo a actividade da empresa, a casa destaca como lugar de acceso das e dos traballadores de empresas relacionadas coa Industria, cunha porcentaxe de 80,3%, máis de 14 puntos sobre a media.

G.79. LUGAR DE ACCESO A SISTEMAS TIC

(% empresas de 10 e máis traballadores/as que teletraballan)



Fonte: OSIMGA

C.72. LUGAR DE ACCESO A SISTEMAS TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE


Lugar de acceso a sistemas TIC % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Dende a casa	80,3	50,3	62,7	65,6
En instalacións de clientes ou empresas asociadas	34,0	20,3	25,3	25,9
Outras localizacións da súa empresa ou grupo	28,3	46,4	37,1	36,1
Durante viaxes de negocios	57,5	39,9	52,6	53,7
Outros	4,6	2,9	2,3	2,9
N	36	17	78	137

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as que teletraballan

Fonte: OSIMGA

O 51,4% das empresas de 10 e máis empregados / as teñen contratado o mesmo operador para os servizos de telefonía fixa, móbil e comunicación de datos.

G.80. CONTRATACIÓN DO MESMO OPERADOR PARA OS SERVIZOS DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL E COMUNICACIÓN DE DATOS




Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

As ferramentas informáticas de xestión contable e financeira son as máis empregadas polas empresas enquisadas, seguidas das de xestión de clientes e provedores e as de xestión administrativa de vendas e compras. As ferramentas de xestión de produción e de xestión de loxística, empregadas por pouco máis da metade, sitúanse nos últimos lugares.

G.81. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS

(% empresas de 10 e máis traballadores/as)



Fonte: OSIMGA

Dende o punto de vista da actividade da empresa, todos os sectores mantéñense en valores similares á media, agás no que ten que ver co emprego de ferramentas de xestión de produción, no que destacan as empresas que se adican principalmente a actividades industriais.

C.73. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Xestión contable e financeira	88,8	87,4	88,1	87,8
Xestión administrativa de vendas e compras	86,0	76,9	83,7	82,6
Xestión de clientes e provedores	83,9	81,6	84,4	83,6
Xestión de produción	68,8	50,5	43,9	52,8
Xestión de loxística	52,4	36,9	57,8	51,6
N	143	103	244	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Por provincias, destaca o emprego de ferramentas de xestión de loxística en empresas que teñen a sede principal situada fóra da comunidade galega. Polo demais, as empresas situadas en Ourense fan pouco uso de ferramentas de xestión da produción en comparación co resto, manténdose as demais porcentaxes en valores máis homoxéneos.

C.74. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A PROVINCIA

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	PROVINCIA					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Xestión contable e financeira	85,6	82,8	89,1	91,8	100,0	87,8
Xestión administrativa de vendas e compras	81,9	77,2	85,9	84,4	85,7	82,6
Xestión de clientes e provedores	83,3	78,9	85,9	84,4	92,9	83,6
Xestión de produción	53,7	53,4	40,6	54,7	71,4	52,8
Xestión de loxística	51,9	53,4	53,8	47,3	78,6	51,6
N	216	57	64	148	14	500

Base: empresas de 10 e máis 10 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Se temos en conta o tamaño das empresas, son as teñen de 50 e 249 empregados / as as que presentan unha maior porcentaxe de uso na maioría das ferramentas en xeral, reducíndose os valores cara aos extremos.

C.75. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS/AS

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	N° EMPREGADOS/AS					Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	De 250 ou máis	
Xestión contable e financeira	81,9	93,8	95,3	100,0	87,5	87,8
Xestión administrativa de vendas e compras	78,1	85,2	95,3	90,9	87,5	82,6
Xestión de clientes e provedores	80,8	85,8	90,7	90,9	75,0	83,6
Xestión de produción	40,4	65,6	72,1	63,6	62,5	52,8
Xestión de loxística	40,6	59,3	72,7	77,3	75,0	51,6
N	265	162	43	22	8	500

Base: empresas de 10 e máis 10 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

As ferramentas de xestión contable e financeira e as de xestión administrativa de vendas e compras son máis empregadas en empresas con CNAE 19-23 (refinerías de petróleo, produtos farmacéuticos caucho e plástico entre outros), 24-25 (metalúrxica e fabricación de produtos metálicos) e 69-74 (actividades profesionais, científicas e técnicas). As de 24-25 destacan tamén no emprego de ferramentas de xestión de clientes e provedores, mentres que son as clasificadas con CNAE 26-33 (produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, entre outros) as que fan máis uso de ferramentas de xestión de produción e de loxística.

C.76. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO O CNAE

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	CNAE									Total
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Xestión contable e financeira	84,3	89,5	96,9	84,4	87,4	89,9	89,7	87,1	78,3	87,8
Xestión administrativa de vendas e compras	84,3	89,5	90,6	81,3	76,9	93,0	84,6	58,1	65,2	82,6
Xestión de clientes e provedores	82,4	78,9	90,6	80,6	81,6	93,0	79,5	71,0	65,2	83,6
Xestión de produción	61,5	73,7	75,0	74,2	50,5	41,4	48,7	41,9	47,8	52,8
Xestión de loxística	47,1	57,9	46,9	67,7	36,9	74,2	60,5	12,9	30,4	51,6
N	51	19	32	31	103	128	39	31	23	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA


Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

Segundo os resultados da enquisa, o 55,9% das empresas de 10 e máis empregados / as intercambia datos de xeito automatizado, sendo as empresas do sector Servizos as que máis recoñecen facelo (59,8%), e as do sector Industrial as que menos (51%).

Por provincias, Ourense sitúase en primeiro lugar en relación ás catro provincias galegas, mais son as empresas que teñen a sede principal situada fóra de Galicia as que fan máis uso do intercambio automatizado de datos. Obsérvanse tamén diferenzas en función do tamaño da empresa, e parece que o intercambio é maior canto maior é tamén a empresa, coa excepción das empresas de entre 50 e 99 traballadoras e traballadores, que rompen esta lóxica, caendo máis de cinco puntos con respecto ao tramo anterior.

En canto ao CNAE, destacan neste aspecto as empresas con CNAE 69-74 (actividades profesionais, científicas e técnicas).

G.82. INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS



Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA


A rápida evolución deste indicador sitúa por primeira vez ás empresas galegas en valores superiores aos das do resto de España, que amosan unha porcentaxe do 45%, segundo datos do INE correspondentes a comezos do ano 2010.

G.83. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que realizaron intercambio electrónico de datos entre empresas

Comparación Galicia e España

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)



Fonte: OSIMGA-INE

C.77. INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Intercambio automatizado de datos	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construcción	Servicios	
Sí	51,0	52,4	59,8	55,9
Non	44,8	42,7	32,0	37,6
NS / NC	4,2	4,9	8,2	6,6
N	143	103	244	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

C.78. INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO A PROVINCIA

Intercambio automatizado de datos	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Sí	53,7	52,6	65,6	54,4	71,4	55,9
Non	40,7	42,1	31,3	37,4	7,1	37,6
NS / NC	5,6	5,3	3,1	8,2	21,4	6,6
N	216	57	64	148	14	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

C.79. INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS/AS

Intercambio automatizado de datos	N° EMPREGADOS/AS (%)					Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	De 250 ou máis	
Sí	48,7	63,6	58,1	72,7	75,0	55,9
Non	45,7	29,0	32,6	18,2	25,0	37,6
NS / NC	5,7	7,4	9,3	9,1	0,0	6,6
N	265	162	43	22	8	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
 Fonte: OSIMGA

C.80. INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO O CNAE

Intercambio automatizado de datos	CNAE (%)									Total
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Sí	52,9	40,0	50,0	53,1	52,4	61,7	56,4	80,6	47,8	55,9
Non	43,1	60,0	43,8	40,6	42,7	32,0	30,8	16,1	39,1	37,6
NS / NC	3,9	0,0	6,3	6,3	4,9	6,3	12,8	3,2	13,0	6,6
N	51	19	32	31	103	128	39	31	23	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
 Fonte: OSIMGA
 Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

Entre as tipoloxías de mensaxes automatizadas intercambiadas nas empresas, o envío de instrucións de pago a entidades bancarias ocupa o primeiro lugar (79,4%), seguida do envío ou recepción de información sobre produtos (74,3%) e do intercambio automatizado de información coa Administración Pública (73,8%).

C.81. TIPOLOXÍA DE MENSAXES AUTOMATIZADAS INTERCAMBIADAS NAS EMPRESAS

TIPOLOXÍA DE MENSAXES AUTOMATIZADAS	SI	NON	NS / NC
Envío de pedidos aos provedores	67,1	32,4	0,4
Recepción de facturas electrónicas	54,5	44,5	0,9
Recepción de pedidos de clientes	59,9	39,0	1,1
Envío de facturas electrónicas	33,6	65,0	1,4
Envío ou recepción de información sobre produtos	74,3	24,0	1,7
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío de entregas	55,3	42,1	2,6
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	79,4	19,0	1,6
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	73,8	21,9	4,3

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as que intercambiaron automatizadamente datos
 Fonte: OSIMGA


Cabe salientar a evolución positiva da recepción e envío de facturas electrónicas desde comezos do ano 2009. Máis da metade das empresas de 10 e máis empregados / as que realizaron intercambio automatizado de datos reciben facturas electrónicas e un terzo envíanas.

G.84. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que realizaron intercambio electrónico de datos para a recepción de facturas

Comparación Galicia e España

(% empresas de 10 e máis traballadores / as que realizaron intercambio automatizado de datos)




Fonte: OSIMGA-INE

G.85. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que realizaron intercambio electrónico de datos para o envío de facturas

Comparación Galicia e España

(% empresas de 10 e máis traballadores / as que realizaron intercambio automatizado de datos)



Fonte: OSIMGA-INE

No cruce de tipoloxía de mensaxes por actividade da empresa, atopamos tamén diferenzas. Así, e aínda que o envío de instrucións de pago a entidades bancarias é para todas as actividades a opción máis nomeada, non existe esa coincidencia nas segundas opcións, que son o intercambio de información coas Administracións Públicas no caso das empresas dedicadas a actividades industriais, o envío de pedidos aos provedores para as da Construción, e o envío ou recepción de información sobre produtos para as do sector Servizos.

C.82. TIPOLOXÍA DE MENSAXES AUTOMATIZADAS INTERCAMBIADAS NAS EMPRESAS SEGUNDO ACTIVIDADE

Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Envío de pedidos aos provedores	63,2	79,2	65,2	67,4
Recepción de facturas electrónicas	59,2	57,1	52,7	54,7
Recepción de pedidos de clientes	64,4	73,2	52,9	60,1
Envío de facturas electrónicas	37,7	35,0	29,5	33,7
Envío ou recepción de información sobre produtos	68,7	87,6	73,2	74,6
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío de entregas	63,7	62,7	49,3	55,5
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	80,8	80,2	77,8	79,7
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	74,4	77,3	71,3	74,0
N	73	53	146	279


Base: empresas de 10 e máis traballadores/as que intercambiaron automatizadamente datos

Fonte: OSIMGA

O 23% das empresas de 10 e máis empregados /as comparten información electronicamente con provedores e clientes, principalmente cos primeiros, e para verificación do estado dos envíos. Este indicador experimentou un crecemento de máis de nove puntos porcentuais con respecto a comezos do ano 2009.

Segundo a actividade principal, son as do sector Servizos as que en maior medida comparten información cos seus provedores mentres que o sector da Industria destaca na relación cos seus clientes.

G.86. COMPARTIR INFORMACIÓN ELECTRÓNICAMENTE CON PROVEEDORES E CLIENTES




Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

G.87. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que compartían electrónicamente información cos seus provedores ou clientes

Comparación Galicia e España

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)



Fonte: OSIMGA-INE

C.83. TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA COMPARTIDA CON PROVEEDORES E CLIENTES

TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA COMPARTIDA	SI	NON	NS / NC
Provedores: Niveis de inventario, plans de produción e previsión de demanda	47,1	46,1	6,8
Provedores: Estado de envíos	74,1	20,3	5,6
Cientes: Niveis de inventario, plans de produción e previsións de demanda	29,0	63,2	7,8
Cientes: Estado de envíos	45,7	46,9	7,5

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as que comparten información electrónica con provedores e clientes
 Fonte: OSIMGA

C.84. TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA COMPARTIDA CON PROVEEDORES E CLIENTES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tipoloxía de información electrónica compartida % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Provedores: Niveis de inventario, plans de produción e previsión de demanda	48,3	42,1	49,2	47,1
Provedores: Estado de envíos	75,0	57,9	77,8	74,1
Cientes: Niveis de inventario, plans de produción e previsións de demanda	36,7	30,0	25,8	29,0
Cientes: Estado de envíos	57,1	50,0	36,5	45,7
N	29	19	63	115

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as que comparten información electrónica con provedores e clientes
 Fonte: OSIMGA

Tendo en conta a integración da información dentro da empresa, destaca a área de contabilidade, cun 35,6%, situándose o resto da áreas en valores moi similares, arredor do 28%. No período 2009 - 2010, obsérvase, en xeral, unha converxencia destes catro indicadores coa media estatal.


C.85. RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA

ÁREAS DA EMPRESA QUE RECIBIAN INFORMACIÓN AUTOMÁTICA DE PEDIDOS	SI	NON	NS / NC
Xestión de stocks	28,0	63,0	9,0
Contabilidade	35,6	57,6	6,7
Xestión de produción	28,4	60,9	10,7
Xestión de distribución	27,0	63,1	9,8

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

G.88. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que recibían información automática de pedidos: xestión de stocks
Comparación Galicia e España
(% empresas de 10 e máis traballadores / as)




Fonte: OSIMGA-INE

G.89. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que recibían información automática de pedidos: contabilidade

Comparación Galicia e España

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)




Fonte: OSIMGA-INE

G.90. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que recibían información automática de pedidos: xestión de produción

Comparación Galicia e España

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)




Fonte: OSIMGA-INE

G.91. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que recibían información automática de pedidos: xestión de distribución

Comparación Galicia e España

(% empresas de 10 e máis traballadores /as)



Fonte: OSIMGA-INE

C.86. RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA SEGUNDO A ACTIVIDADE

Áreas da empresa que recibían información automática de pedidos % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Xestión de stocks	28,7	22,1	28,3	28,0
Contabilidade	31,7	38,8	34,8	35,6
Xestión de produción	36,4	30,4	21,0	28,4
Xestión de distribución	23,9	22,3	29,1	27,0
N	143	103	244	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as

Fonte: OSIMGA

C.87. RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA SEGUNDO A PROVINCIA

Áreas da empresa que recibían información automática de pedidos % de resposta múltiple	PROVINCIA					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Xestión de stocks	27,3	25,9	28,1	28,4	35,7	28,0
Contabilidade	39,2	31,6	35,4	30,6	46,7	35,6
Xestión de produción	29,2	19,3	30,8	28,6	35,7	28,4
Xestión de distribución	28,7	17,5	26,2	26,4	50,0	27,0
N	216	57	64	148	14	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

C.88. RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA SEGUNDO Nº DE EMPREGADOS/AS

Áreas da empresa que recibían información automática de pedidos % de resposta múltiple	Nº EMPREGADOS/AS					Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	De 250 ou máis	
Xestión de stocks	23,8	29,0	34,9	43,5	62,5	28,0
Contabilidade	34,0	35,4	37,2	45,5	50,0	35,6
Xestión de produción	22,6	30,9	38,6	50,0	50,0	28,4
Xestión de distribución	21,6	30,9	32,6	40,9	62,5	27,0
N	265	162	43	22	8	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

C.89. RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN AUTOMÁTICA SEGUNDO O CNAE


Áreas da empresa que recibían información automática de pedidos % de resposta múltiple	CNAE									Total
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Xestión de stocks	27,5	42,1	25,0	29,0	22,1	41,9	15,4	6,5	8,7	28,0
Contabilidade	27,5	31,6	46,9	29,0	38,8	38,3	33,3	32,3	26,1	35,6
Xestión de produción	27,5	42,1	50,0	43,8	30,4	21,1	17,9	22,6	26,1	28,4
Xestión de distribución	23,5	21,1	25,0	22,6	22,3	32,8	41,0	9,7	26,1	27,0
N	51	19	32	31	103	128	39	31	23	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA
Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

Das empresas que no 2010 enviaron ordes de pedidos (electronicamente ou non) hai un 31% que recibía de xeito automático a información na área de xestión de stocks e un 36,7% na área de contabilidade.

G.92. RECEPCIÓN DE INFORMACIÓN AUTOMÁTIZADA NOS PEDIDOS

(% empresas de 10 e máis traballadores/as)




Fonte: OSIMGA

O 26,5% das empresas da mostra dispón de ERP para compartir información sobre compras e vendas con outras áreas funcionais da súa empresa, e o 16,2% dispón de CRM para a xestión de información de clientes, que permite compartir esta información con outras áreas da empresa ou analízala con fins comerciais ou de marketing. O incremento de 8,4 puntos porcentuais con respecto ao ano anterior sitúa ás empresas galegas en valores superiores á media española en dispoñibilidade de ERP (22,5%).

G.93. DISPOÑIBILIDADE DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS

(% empresas de 10 e máis traballadores/as)




Fonte: OSIMGA

G.94. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP para xestionar información de clientes

Comparación Galicia e España

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)




Fonte: OSIMGA-INE

G.95. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas CRM para xestionar información de clientes

Comparación Galicia, España e UE

(% empresas de 10 e máis traballadores / as)



Fonte: OSIMGA-INE

No caso do ERP, son as empresas relacionadas con actividades industriais as que máis dispoñen desta ferramenta, mentres que as do sector Servizos dispoñen en maior medida de CRM.

Por provincias, as empresas situadas na Coruña presentan a porcentaxe máis elevada na dispoñibilidade de ERP, cunha diferenza de máis de seis puntos porcentuais con respecto as que se sitúan en Lugo. A mesma tendencia se observa para o CRM, que é tamén máis habitual nas empresas da Coruña (18,4%) que nas de Lugo (14%).

As empresas de 20 ou máis traballadores / as presentan valores superiores á medias para estes dous indicadores.

